

Sección de Lingua / Seminario de Sociolingüística

A lingua no CEIP Agro do Muíño



REAL ACADEMIA GALEGA

Seminario de Sociolingüística da RAG

Xaquín Loredo Gutiérrez

Lidia Gómez Martínez

Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames

Elba Baldomir Turnes

Recollida de datos:

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística CEIP Agro do Muíño

Edita:

Real Academia Galega

Promove:

Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames

Ames, setembro de 2018



REAL
ACADEMIA
GALEGA



1. Introducción

Este informe ten como finalidade presentar unha análise sociolingüística do CEIP Agro do Muíño, situado no concello de Ames, co obxectivo de deseñar o plan de normalización do centro. Con este fin realizaremos unha contextualización sociodemográfica e sociolingüística da situación da infancia a nivel galego e, posteriormente, achegaremos datos sobre a comarca de Santiago de Compostela, na que se integra o centro¹

1.1. Os datos sociodemográficos

Os principais cambios que caracterizaron e caracterizan a sociedade galega desde finais do século XX ata principios do XXI son os seguintes:

- O paso dunha sociedade centrada no sector primario a unha centrada no sector servizos.
- O abandono do rural e a concentración da sociedade nas sete áreas comarcais das sete grandes cidades galegas, especialmente aquelas pertencentes ao eixe atlántico.
- O progresivo envellecemento da poboación.

O concello de Ames, e especialmente a parroquia de Ortoño, onde se sitúa o CEIP Agro do Muíño, mantén unha relación especial coas tres características anteriormente enunciadas. Os usuarios e usuarias deste centro pertencen á área periurbana de Santiago de Compostela, cuxa poboación se caracteriza por formar parte da clase media e ocupar, principalmente, profesións relacionadas co sector servizos. Este centro educativo está situado nun concello cuns altos índices de natalidade; de feito, se comparamos o índice bruto de natalidade do ano 2016 a nivel Galicia (7,02) e o mesmo índice en Ames (11,26) vemos que este é significativamente maior (Instituto Galego de Estatística, Indicadores demográficos).

No que respecta á poboación infantil, a nivel galego, a franxa de 5 a 14 anos acada a cifra de 224.271 en 2017, 286 casos máis que en 2003, cando, ao mesmo tempo, a poboación xeral diminúe en máis de corenta mil persoas.

Táboa 1

Poboación galega de 5 a 14 anos. 2003-2017.

Poboación	2003	2008	2013	2017	2017-2003
<i>5 a 9 anos</i>	101.458	101.998	112.024	113.694	12.236
<i>10 a 14 anos</i>	122.527	106.154	105.116	110.577	-11.950
<i>Total 5 a 14 anos</i>	223.985	208.152	217.140	224.271	286
<i>Total Galicia</i>	2.751.094	2.784.169	2.765.940	2.708.339	-42.755

1 Non dispoñemos de datos sociolingüísticos estatísticos representativos actualizados a nivel concello; os últimos accesibles pertencen ao Censo lingüístico de Poboación e Vivendas, do ano 2011.

A poboación infantil no concello de Ames caracterízase por un aumento continuado nos tramos dos 5 aos 14 anos entre 2003 e 2017, superior ao experimentando nas cifras xerais de Galicia, xa que neste concello contamos con 1.558 nenos e nenas mentres a nivel galego a cifra redúcese a 286.

Táboa 2
Poboación do Concello de Ames de 5 a 14 anos.
2003-2017.

Poboación	2003	2008	2013	2017	2017-2003
<i>5 a 9 anos</i>	1.198	1.513	1.819	2.020	822
<i>10 a 14 anos</i>	1.033	1.333	1.581	1.769	736
<i>Total 5 a 14 anos</i>	2.231	2.846	3.400	3.789	1.558
<i>Total Galicia</i>	20.016	25.818	29.689	30.835	10.819

1.2. A lingua da infancia

A variable “lingua inicial”² adoita medirse a través de preguntas directas como, por exemplo, “En que lingua aprendeu a falar? (Seminario de Sociolingüística, RAG); “Cando era neno, en lingua aprendeu a falar?” (Instituto Galego de Estatística); “Cal é a lingua inicial do seu fillo/a?” (Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria), esta última referida á consulta realizada pola Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a todos os proxenitores dos nenos e nenas de educación infantil (CE-2009). Existen outras preguntas que se aproximan ao fenómeno da lingua inicial desde outra perspectiva (i.e. lingua que lle falaban os pais cando era pequeno) que tamén resultan de proveito para achegarse a este fenómeno.

As dúas gráficas preséntanse á par por reflectiren realidades complementarias. Dunha banda, pódese observar que case a metade dos infantes (os nados entre 1999 e 2008) declaran ter como lingua inicial o castelán (46%), seguidos dunha opción bilingüe (o 31%) e do grupo de iniciados en galego (18%) (Figura 1). As diferenzas entre os distintos grupos son moi amplas: duns 15 puntos porcentuais entre elas e, entre os grupos principais (castelán e galego), de 28 puntos porcentuais.

Doutra banda, a Figura 2 permite observar a lingua transmitida polos proxenitores, achegándonos á lingua dos e das informantes. En liñas xerais a tendencia é a mesma, mais cunha desagregación dos bilingües iniciais (“as dúas”), que fai variar os dous principais grupos –incluíndo “outra situación”–; isto é: existe un grupo amplo que recibiu o castelán como primeira lingua, cunha diferenza de 33 puntos porcentuais respecto do grupo que recibiu o galego. Ademais, constátase a primacía do castelán non só nas opcións agrupadas (i.e. *castelán e máis castelán ca galego*) senón tamén sen agrupar.

2 Esta sección correspóndese co apartado do informe do Seminario de Sociolingüística elaborado por Monteagudo e Loredó para o proxecto “Prácticas lingüísticas na infancia”, financiado pola Deputación da Coruña, en fase de publicación. O avance de resultados preséntase en Loredó 2016 e 2017, ou Monteagudo/ Loredó/Vázquez 2016.

Figura 1
Lingua inicial na infancia –5 a 14. 2013.






Figura 2
Lingua transmitida polo núcleo familiar (proxenitores) cando eran pequenos –5 a 14 anos.



Respecto da lingua habitual declarada, o castelán cobra aínda máis protagonismo neste tramo de idade, situándose nos 73 puntos porcentuais, mentres que o galego suma 25 (Figura 3), o que se traduce en que sete de cada dez nenos falan en castelán habitualmente (suma de “só” e “máis castelán”).

Figura 3


Lingua habitual dos nenos e nenas en Galicia:
5 a 14 anos. %.



Ao comparar a situación sociolingüística dos infantés coa das persoas adultas en Galicia, partindo dos resultados de 2013, percíbese un cambio transcendental entre unha e outra cohorte: mentres os adultos tiveron/teñen uns proxenitores que lles transmitiron maioritariamente o idioma galego e utilizaron preferentemente a súa lingua inicial, os infantés parten dunha situación sociolingüística totalmente oposta onde aprenderon a falar en castelán ou, no seu defecto, nas dúas, aínda que tendo o castelán como idioma preferente e utilizándoo habitualmente.

Figura 4

Lingua inicial, lingua transmitida polo núcleo familiar e lingua habitual dos adultos galegos (maiores de 30 anos). 2013.




A través do estudo da transmisión lingüística interxeracional estableceuse unha tipoloxía de familias segundo o perfil de reprodución do galego e do castelán, combinando a lingua utilizada (galego/castelán) e a xeración (avós/pais), atendendo a dúas variables: a lingua que lle falaban os pais cando eran pequenos e a lingua que lle falaban os avós cando eran pequenos. De acordo con isto, obtemos catro posibles tipoloxías de familia (Loredo 2016):

- a) FAMILIAS MANTEDORAS DO GALEGO: tanto os avós coma os proxenitores transmiten o galego.
- b) FAMILIAS GALEGUIZADAS: os avós transmiten o castelán mentres os pais transmiten o galego.
- d) FAMILIAS DESGALEGUIZADAS: os avós transmiten o galego e os proxenitores o castelán.
- e) FAMILIAS MANTEDORAS DO CASTELÁN: tanto os avós coma os proxenitores transmiten o castelán.

Atendendo a esta variable, os resultados indican que as persoas nadas na primeira década do século XXI (i.e. entre 1999 e 2008) proveñen de familias mantedoras do castelán (52,1%); a máis de vinte puntos estarían os que tiveron unha familia mantedora do galego; as familias en procesos de transición (i.e. desgaleguizadas, galeguizadas) teñen unha presenza máis secundaria (Figura 5). Destes datos cómpre destacar que os/as nenos/as de “familias desgaleguizadas” son un grupo nutrido (i.e. 16,8%); se sumamos as porcentaxes de familias desgaleguizadas e mantedoras do castelán obteríamos que **sete de cada dez nenos/as proveñen de familias onde a lingua de transmisión é o castelán**. Pola contra, a cifra correspondente ás “familias galeguizadas” é inferior á do resto de alternativas e está próxima ao 1% (i.e. 0,8%). O número de familias cun perfil de transmisión ou outro varía se comparamos os nacidos e nacidas a principios deste século (i.e. entre 1999 e 2003) cos que o fixeron entre 2004 e 2008: a medida que transcorren os anos aumenta a porcentaxe de familias mantedoras do castelán (+8,6%), desgaleguizadas (+1,5%) e familias galeguizadas (+0,2%), mentres diminúen as familias mantedoras do galego (-11,1%).

Figura 5


Distribución da tipoloxía da transmisión lingüística familiar (TLF) dos galegos de 5 a 14 anos. 2013. %.



As porcentaxes da TLF están moi relacionadas co hábitat de residencia (Figura 6); a porcentaxe de familias mantedoras do castelán aumenta co grao de urbanización: nas cidades galegas sete persoas de cada dez veñen de familias mantedoras do castelán fronte a unha de cada dez que son mantedoras do galego; as familias desgaleguizadas introducíronse en todos os hábitats, mentres que as familias galeguizadas, máis habituais no periurbano, distribúense desigualmente no urbano (máis presentes en Santiago) e non se contan familias galeguizadas no rural (-10.000 habitantes).

Figura 6

Distribución da transmisión lingüística familiar nos galegos nados entre 1998 e 2008 segundo o tamaño de hábitat de residencia. 2013. %.




Os datos anteriores semellan indicar que o CEIP Agro do Muíño está enmarcado nun contexto onde, segundo os datos xerais, as familias teñen un perfil de “mantedoras do castelán” e aquelas familias que reproducen o galego redúcense a dúas de cada dez (24,3%). A maiores, este contexto agrupa unha porcentaxe importante de familias (dúas de cada dez) onde se rompe o proceso de transmisión lingüística interxeracional entre os avós e os cativos/as.

1.3. A lingua nos centros de educación infantil

Centrándonos na xestión das linguas na educación infantil (Mesa 2017) podemos advertir como, segundo unha estudo realizado pola Mesa pola Normalización Lingüística, nos centros urbanos de infantil a presenza do galego é escasa. Nos núcleos urbanos cómpre considerar que o perfil maioritario é o denominado “100% castelán” (39%) e soamente utilizan “máis galego” un 9% dos centros; estas porcentaxes soben lixeiramente nos hábitats que teñen entre 20.001 e 50.000 habitantes, onde se atopan encadrados moitos centros vilegos e periurbanos. Nesta categoría a lingua de un de cada catro centros (27%) é maioritariamente galego, un 14% son bilingües (50%) e o 57% utiliza maioritariamente o castelán.

Figura 7

A lingua nos centros de educación infantil (3-6 anos) atendendo ao tamaño da poboación %.



O CEIP Agro do Muíño atópase nun concello cunha poboación de 30.835 persoas (Padrón municipal de habitantes 2017, INE), polo tanto, os datos do estudo da Mesa pola Normalización Lingüística indicarían que a metade das escolas infantís situadas no concello desenvólvense na alternativa “máis castelán”.

1.4. O CEIP Agro do Muíño

O centro escolar que se está avaliando³ sitúase no lugar das Cortes, parroquia de Ortoño, pertencente ao concello de Ames. Neste municipio, xunto con diferentes parroquias de carácter rural, existen dous núcleos poboacionais principais con características semiurbanas, un dos cales é Bertamiráns; o colexio Agro do Muíño atende a un sector de poboación ubicado na zona sur de Bertamiráns e nos lugares de Framil, Costoia, Bugallido, Tarrío, Firmistáns, Sisalde, Eirapedriña e Lapido.

Santiago de Compostela é o referente principal de toda a zona, tanto no que se refire a servizos administrativos coma ao ámbito económico. Con todo, Bertamiráns é unha vila que ten identidade propia, con recursos en ámbitos coma o lecer ou o asociacionismo, entre outros, á vez que actúa como referente administrativo e económico para as aldeas limítrofes. Nos últimos anos tense producido un importante incremento da poboación, ao que contribuíu, en boa medida, a chegada de familias provenientes doutros países, fundamentalmente de América do Sur.

O CEIP Agro do Muíño é de recente creación (ano 2007); as instalacións son novas e polo xeral atópanse en moi bo estado: conta con seis aulas de educación infantil e doce de educación primaria (actualmente trece habilitadas), dispón tamén de aula de biblioteca e usos múltiples, de aula de informática, de despachos para administración, de aulas de P.T., A.L., orientación e de ximnasio. O centro recibe alumnado das escolas unitarias: EEI de A Igrexa e EEI da Tarroeira. A súa vez o CE.I.P Agro do Muíño está adscrito ao centro IES de Ames.

En relación ás linguas, o proxecto educativo do centro de 2015 indicaba o seguinte:

- Respectarase a lexislación e normativa vixentes recoñecendo ao dereito de cada membro da Comunidade Escolar a utilizar calquera das linguas oficiais.
- Debido á súa relación e integración na contorna, o centro avogará pola normalización lingüística nas relacións entre os diferentes membros da Comunidade e no plano administrativo.
- Ao remate da escolarización, o alumnado terá adquirida unha competencia axeitada nas dúas linguas.
- Considerando ademais que a nosa lingua é un sinal fundamental da nosa identidade, o Centro favorecerá o coñecemento e uso da lingua galega e a formación do alumnado en tódolos eidos da nosa cultura: literatura, historia, arte, xeografía, costumes, tradicións e outros aspectos sociolóxicos relevantes.
- Traballaremos na procura de integrar a toda a Comunidade Educativa na contorna e na realidade galega.
- A lingua inglesa será impartida segundo a lexislación vixente na educación infantil e na educación primaria.

A continuación expoñemos a estrutura organizativa do centro, sobre a que destacamos a situación do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística (ENLD).

3 Apartado extraído do Proxecto Educativo de Centro. CEIP Agro do Muíño. Ortoño, Ames (A Coruña) de 2015: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomuino/system/files/PROXECTO%20EDUCATIVO%20DE%20CENTRO%202015%20T3.pdf> [Consultado: 13/07/2018]

Figura 8
Estrutura Organizativa do CEIP.



1.5. Finalidade do traballo

Como mencionamos ao comezo do documento, este traballo ten como finalidade xeral realizar unha análise da situación sociolingüística do CEIP Agro do Muíño, baseada en tres cuestionarios autoaplicados ao censo de familias, alumnado e profesorado, e que servirá como punto de partida para a realización do Plan de Normalización de Centro. A continuación expoñemos os obxectivos nos que baseamos o noso informe.

Táboa 3
Obxectivos do traballo de lingua
no centro educativo de Agro do Muíño.

Contexto	Obxectivos xerais
Familias	<p>Analizar prácticas lingüísticas familiares.</p> <p>Analizar actitudes lingüísticas xerais.</p> <p>Estudar a transmisión lingüística interxeracional do galego.</p> <p>Obter unha serie de perfís lingüísticos familiares.</p>

Contexto	Obxectivos xerais
Alumnado	<p>Presentar a lingua de aprendizaxe e lingua habitual en relación ao resto de Galicia.</p> <p>Afondar nas súas competencias lingüísticas en galego.</p> <p>Estudar as prácticas lingüísticas dos nenos e nenas no contexto familiar, escolar e próximo.</p> <p>Obter unha visión dos procesos de mudanza lingüística do alumnado do centro.</p> <p>Analizar as actitudes lingüísticas cara ao galego explícitas no alumnado.</p> <p>Afondar nas predisposicións motivacionais dos nenos bilingües e castelanfalantes.</p> <p>Obter unha serie de perfís lingüísticos en base as súas competencias, prácticas, actitudes e motivación lingüísticas.</p>
	<p>Analizar as súas prácticas lingüísticas fóra e dentro do centro.</p> <p>Afondar no historial sociolingüístico do profesorado.</p> <p>Estudar as súas competencias lingüísticas en galego.</p> <p>Estudar as súas actitudes lingüísticas cara ao galego.</p>
Profesorado	

2. Método

2.1. Poboación e taxa de resposta

O CEIP Agro do Muíño, sobre o que estamos realizando este estudo, está situado na parroquia de Ortoño, no concello de Ames. Os usuarios e usuarias deste centro, como xa enunciámos na introdución, pertencen á área periurbana de Santiago de Compostela. Neste concello, xunto con diferentes parroquias de carácter rural, existen dous núcleos poboacionais principais con características semiurbanas: o Milladoiro e Bertamiráns. O colexio Agro do Muíño atende a un sector de poboación pertencente á zona sur de Bertamiráns, das parroquias de Biduído, Bugallido e Ortoño, principalmente. Aínda que Santiago de Compostela actúa como referente principal de toda a zona, Bertamiráns é unha vila que ten identidade propia que actúa como referente administrativo e económico para as aldeas limítrofes e que conta con recursos para o lecer e o asociacionismo. Cómpre destacar que Ames é un dos concellos cun maior índice de natalidade de Galicia, feito ao que contribúe a chegada de familias chegadas doutros países, fundamentalmente de América do Sur⁴.

4 Datos recollidos do Proxecto Educativo de Centro vixente.

En canto á oferta educativa, o CEIP Agro do Muíño conta cunha liña dobre tanto en educación infantil como en educación primaria, agás en 6º de infantil, 2º, 3º e 6º de primaria que contan cunha unidade a maiores. En total suman 492 alumnos e alumnas matriculados/as no curso 2017/2018, 162 en educación infantil e 330 en educación primaria. No que ten que ver co profesorado, este centro educativo conta con 36 profesionais.

Este traballo consistiu na administración dun cuestionario aos tres interlocutores principais do centro: familias, alumnado e profesorado. Para a súa aplicación tomouse como referencia o censo destes tres grupos, polo que non se realizou unha mostra propiamente dita senón que se buscou a aplicación á totalidade do censo.

Para realizarmos este informe contamos cun total de 287 cuestionarios respondidos do alumnado de primaria do centro, que conta cun total de 330 alumnos e alumnas, co que obtivemos unha porcentaxe de resposta do 86,96%. En canto ao cuestionario administrado ás familias, responderon 363 dun total de 492 (repartíuselle un a cada neno/a), co que obtivemos unha porcentaxe de resposta do 73,78%. No caso do cuestionario administrado ao profesorado, dun total de 36 profesores/as contamos con 30 cuestionarios, co que a porcentaxe de resposta é do 86,33%.

Táboa 4

Poboación, cuestionarios cubertos e taxa de resposta do estudo sociolingüístico do CEIP Agro do Muíño.

Interlocutor	Censo	Cuestionarios cubertos	Taxa de resposta
Familias infantil/primaria	492	363	73,8%
Alumnado primaria	330	287	87%
Profesorado	36	30	86,3%

2.2. Instrumentos

A información recollida obtívose a través de tres modelos de cuestionarios⁵ distribuídos a tres tipos de informantes: as familias do alumnado de infantil e primaria, o alumnado de primaria e o profesorado. O obxectivo dos cuestionarios é o de obter a información necesaria para coñecer a situación sociolingüística do centro e para poder levar a cabo unha axeitada planificación sociolingüística.

Por unha banda, o cuestionario dirixido ás familias centrouse, principalmente, na obtención dos seguintes datos:

1. Lingua inicial e habitual dos e das informantes.
2. Lingua empregada no ámbito familiar.
3. Existencia ou non de transmisión lingüística interxeracional.

5 Os cuestionarios están recollidos como anexos. As enquisas foron adaptadas do apartado de Recursos da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística. Dispoñible en http://coordinadoraendl.org/limiar.php?pax=rec_enquisas.php.

4. Uso da lingua en contextos de proximidade.
5. Predisposición motivacional⁶ das familias cara ao galego.
6. A influencia que ten na mudanza de lingua a incorporación ao sistema educativo.
7. As actitudes das familias cara ao galego.

Por outra banda, o cuestionario dirixido ao alumnado de primaria achega datos sobre:

1. A lingua inicial.
2. A lingua de comunicación coa familia.
3. A lingua de comunicación na escola, coas e cos iguais, co profesorado e co persoal non docente (persoal educativo non formal, conserxes, persoal da limpeza, administrativos/as).
4. A lingua de uso segundo a proximidade do contexto.
5. A autopercepción da competencia lingüística.
6. As actitudes cara ao galego.

O último dos cuestionarios, administrado ao profesorado, centrouse nos seguintes aspectos:

1. As prácticas lingüísticas habituais fóra do centro educativo.
2. A lingua de comunicación coa familia.
3. A competencia e as motivacións lingüísticas.
4. A lingua que se utiliza para a comunicación dentro do centro educativo.
5. A lingua de uso dependendo da proximidade.
6. As actitudes cara ao galego.

2.3. Procedemento

O deseño dos tres cuestionarios repartidos foi levado a cabo polo persoal do CEIP Agro do Muíño; en relación á súa aplicación o deseño pode valorarse bastante positivamente. Non se coñece ningún estudo sociolingüístico anterior deste estilo, aínda que existe outro traballo semellante (mais non tan extenso) levado a cabo no CEIP A Maía fai moitos anos.

No relativo á administración do instrumento, o profesorado puido acceder ás enquisas e cubrilas no propio centro educativo, xa que foron depositadas na sala de profesorado. Ás familias administróuselles, a través do alumnado, unha enquisa por cada neno/a, que foi cuberta na casa e devolta ao centro; cómpre ter en conta que se unha familia ten ao seu cargo máis de un neno/a, como pode suceder no caso dos irmáns/ás, dita familia cubriría tantos cuestionarios como nenos/as haxa. No caso do alumnado, as enquisas foron administradas só ao de primaria, que as cubriu de forma autónoma na aula durante o período lectivo, botando man do profesorado para resolver dúbidas.

6 O seu fillo/a mostra boa disposición á hora de empregar o galego.

O aspecto máis feble no procedemento reside no feito de non poder relacionar as enquisas cubertas polo alumnado coas cubertas pola súa familia; porén, a enquisa das familias xa ofrece bastantes indicadores sobre os usos do alumnado.

3. As familias


3.1. Lingua inicial e habitual

Segundo a percepción dos pais e nais, os nenos do CEIP Agro do Muíño aprenderon *a falar fundamentalmente en castelán* (a suma de “só” e “máis castelán” é do 60%). A porcentaxe de L1 galego (“só galego” e “máis galego”) redúcese a un 22,8% (unha diferenza de 37 puntos porcentuais a favor do castelán); tamén existe un perfil de cativos e cativas bilingües galego-castelán iniciais a ter en conta (15,2%). Considerando a lingua inicial como punto de partida da análise sociolingüística dun centro educativo, os resultados indican:

- A existencia de diferentes perfis sociolingüísticos.
- A tendencia cara a un proceso de substitución a favor do castelán.
- A necesidade da adopción de medidas nos centros de ensino para cubrir este contexto bilingüe –plurilingüe coa introdución de linguas diferentes do galego e castelán-. As medidas que se adopten deberán ter en conta tanto aspectos pedagóxicos da aprendizaxe de linguas como medidas de normalización lingüística.

Figura 9

Lingua inicial e lingua habitual dos nenos e nenas segundo os proxenitores.



A análise da lingua inicial e da lingua habitual dos nenos e nenas descóbrenos un proceso de ruptura da transmisión interxeracional. A porcentaxe de galegofalantes habituais é dun 14,4%, a porcentaxe de utilización do galego retrocedeu un 8,4% en relación á lingua inicial a favor do castelán (“máis castelán”) durante estes primeiros anos; porén, no perfil de cativos e cativas bilingües iniciais (galego e castelán) hai un proceso de resistencia lingüística ao cambio e mantéñense cun uso bilingüe. En definitiva, **o 70% dos nenos e nenas de Agro do Muíño son castelanfalantes habituais.**


3.1.1. A importancia da etapa educativa

O cambio detectado nas principais variables sociolingüísticas (i.e. lingua inicial, lingua habitual), segundo a idade do menor ou a etapa educativa que cursa, é un resultado relevante para o centro educativo; os datos indican o seguinte:

- Non se obtiveron diferenzas significativas nas prácticas lingüísticas familiares segundo a idade do neno ou a etapa que cursaba no momento.
- A diferenza significativa que obtivemos fai referencia á lingua habitual do neno ou nena: os nenos ou nenas de infantil fan un maior uso do galego que os que xa leva un tempo no centro escolar, aínda que as cifras de lingua inicial de partida son as mesmas. O descenso do uso do galego nos nenos e nenas coa entrada en primaria (contrastado cos datos de idade) indican que o centro escolar ten unha parte de responsabilidade neste proceso de mudanza lingüística, mais non como sistema formal de adquisición de competencias senón como sistema de socialización secundario dos nenos/as despois da familia, relación compartida por outros contextos de socialización externos á escola.

Figura 10

Lingua inicial e lingua habitual dos nenos e nenas segundo a etapa educativa.



* A diferenza significativa céntrase na lingua habitual, non existe diferenzas en lingua inicial.

3.2. Lingua familiar


A evolución da lingua familiar dos nenos e nenas do CEIP Agro do Muíño caracterízase por un proceso de erosión da transmisión interxeracional do galego. A situación de partida é a seguinte:

- A incidencia deste ruptura é xeral en toda Galicia, mais, especialmente, nas comarcas urbanas de Vigo e A Coruña.
- En cifras xerais, na comarca de Santiago o proceso está en fase de ralentización, porén, cada vez ten un maior impacto, dado que as cifras de galegofalantes son menores.

Os datos da lingua familiar indican que na xeración dos avós os usos preferentes en galego achéganse a seis de cada dez nenos, cando cos pais baixan ao 46,2% e coa nai ao 33,1%; nos fillos a porcentaxe de falantes maioritarios en galego queda nun 14,4%. **En definitiva, en tres xeracións o uso habitual do galego foi substituído polo do castelán; aínda así os nenos e nenas seguen tendo, na maioría dos casos, referencias lingüísticas de uso do galego na familia.**

Figura 11

Usos habituais dos compoñentes da familia.



3.2.1. A importancia do xénero


Chama a atención a influencia do xénero na práctica lingüística dos proxenitores, xa que a presenza do galego nas mulleres é menor, en concreto 13 puntos porcentuais. Estes resultados son consecuentes cos modelos sociolingüísticos de xénero, onde a relación entre lingua e xénero se incorpora á análise da estratificación social: o comportamento lingüístico, como outras condutas simbólicas avaliadas en termos de prestixio, tería unha significación especial dentro das oportunidades de éxito social das mulleres. Os resultados por xénero a nivel galego non amosan grandes diverxencias, porén, as características da poboación que estamos a analizar –clase media e media alta– poderían estar na base destas diferenzas.

3.3. Transmisión lingüística interxeracional

Centrándonos na transmisión interxeracional, observamos un perfil de proxenitores cuns usos lingüísticos entre si diferentes ás prácticas lingüísticas cos seus fillos e fillas: a característica fundamental é un aumento dos usos bilingües cos fillos/as dos proxenitores/as que falan en castelán (+3,9% dun uso bilingüe galego e castelán e un +9,8% dun uso máis castelán), o que se reflicte na lingua inicial dos nenos e nenas.

Existe un maior uso do galego cos fillo/as respecto á lingua da parella (lingua entre os proxenitores), conduta lingüística relacionada coa lingua inicial e habitual. Así mesmo, hai que ter en conta a presenza dunha serie de factores externos ao sistema familiar (ex.: sistema educativo formal) que están na base dun proceso de substitución ou muda lingüística –do que aínda non se coñece o alcance– e son reflectidos no retroceso da presenza do galego como lingua inicial e habitual en relación á lingua transmitida.

Figura 12
Evolución da lingua familiar.



A seguinte figura amosa, dunha forma moi gráfica, como van recuando as prácticas lingüísticas en galego xeración tras xeración, sendo substituídas polos usos en castelán. Na comunicación cos fillos e fillas mantéñense case de forma parella o galego e o castelán, mentres que a lingua inicial xa conta predominantemente con usos bilingües con tendencia cara ao castelán. Por último, a lingua habitual está situada máis próxima á alternativa “máis castelán”.

Figura 13

Comparación do índice de presenza do galego (IPG) en tres variables: lingua inicial e lingua habitual.




3.4. Lingua e proximidade

A nivel lingüístico, nas idades que estamos avaliando, o contexto próximo ten unha grande importancia. Os proxenitores indican que neste eido conviven, en maior ou menor medida, as dúas linguas e, de feito, un 29,2% escollen a alternativa “galego e castelán”, aínda que a máis sinalada é “máis castelán” (33,1%).

Figura 14

Lingua do contexto próximo do nenos e nenas.



3.5. Predisposición motivacional⁷


Os resultados relativos ao construto motivacional para toda a mostra (galegofalantes e castelanfalantes) indican que a maioría das respostas distribúense entre “poucas veces”, “habitualmente” e “sempre” de forma semellante. Hai que indicar que a resposta a esta pregunta ten máis importancia para o grupo de castelanfalantes habituais, xa que axuda a coñecer a súa disposición a utilizar o galego, que para o grupo de galegofalantes. De feito, segmentando os resultados para este último grupo, as respostas centráronse en “sempre”.

O grupo de castelanfalantes (“só castelán”) caracterizouse por ter unha predisposición motivacional minoritaria cara ao galego: un 24,3% optou polas alternativas “sempre” ou “habitualmente”, aínda que observamos que 2 persoas de cada 10 escollía a alternativa “nunca”; as persoas que falaban máis castelán optaron maioritariamente pola alternativa “poucas veces” (41,7%). Como resultado positivo, as persoas bilingües galego castelán indicaron maioritariamente (48,8%) unha predisposición a utilizar sempre ou maioritariamente o galego.

7 O seu fillo/a mostra boa disposición á hora de empregar o galego.

Figura 15

Predisposición motivacional segundo a lingua habitual.



3.5.1. A importancia da etapa educativa

Centrándonos nos castelanfalantes e bilingües habituais, e tamén na importancia da etapa educativa para as motivacións lingüísticas, observamos o seguinte:

- Existe unha relación entre uns maiores usos do castelán e o descenso na disposición a utilizar o galego: a principal escolla dos bilingües (independentemente da etapa educativa) sitúase entre “sempre” e “habitualmente”, os falantes que utilizan o castelán escollen a alternativa “poucas veces”.
- O segundo resultado relevante refírese ao impacto da etapa educativa nas motivacións lingüísticas: na etapa infantil os nenos e nenas amosaron unha maior predisposición cara á utilización do galego que os da etapa primaria; os resultados do punto anterior son extrapolables a esta etapa pero cunha mellor disposición. Na educación primaria as motivacións para o emprego do galego empeoran, de feito, aparece un perfil inexistente ata ese momento: persoas castelanfalantes que escollen a alternativa “nunca” (23,5%) cando ese perfil en infantil é case inexistente (7,1%).

Táboa 5

Predisposición motivacional dos castelanfalantes e bilingües galego e casteláns habituais segundo a etapa educativa.

	EI			EP		
	Galego e castelán	+ castelán	Castelán	Galego e castelán	+ castelán	Castelán
Sempre	50,0 %	27,8 %	14,3 %	37,1 %	29,4 %	11,8 %
Habitualmente	38,9 %	35,2 %	21,4 %	51,4 %	25,4 %	21,6 %
Poucas veces	11,1 %	37,0 %	57,1 %	11,4 %	43,7 %	43,1 %
Nunca	0 %	0 %	7,1 %	0 %	1,6 %	23,5 %

3.6. Muda lingüística

Para a análise da pregunta “no caso de que o neno fora galegofalante cando comezou a escolarización, pasou a utilizar máis o castelán?” partimos do concepto de **muda ou mudanza lingüística**, o proceso polo cal unha lingua diferente daquela na que se produciu a primeira socialización pasa a ser dominante en diversos contextos da vida. Hai que sinalar que o ítem do cuestionario a familias soamente indica que comezou a utilizar “máis o castelán”, non se pode atribuír que pasa a ser lingua dominante aínda que os resultados dos cuestionarios dos alumnos e alumnas estarían indicando a existencia de procesos de muda lingüística no contexto informal que comezaron en contextos escolares e que poden ter como resultado o cambio de lingua habitual.

Desta forma, a muda pasa a ser un elemento importante nas traxectorias de vida e nas traxectorias lingüísticas das persoas⁸. Estes autores construíron o concepto para a situación do catalán en Cataluña, recoñecendo seis momentos clave nos que as mudanzas lingüísticas poderían ser máis habituais, un dos cales era a entrada na escola primaria: as cifras de muda nesta etapa eran dun 23,7% de castelanfalantes e un 10,8% de catalanfalantes, é dicir, un balance positivo cara ao catalán.

Un 35,9% das familias que “tiñan” fillos e fillas galegofalantes indicaron que os seus fillos e fillas comezaron a falar máis castelán cando comezaron a escolarización, deste 35,9% o 68%, cifra superior á de lingua inicial e máis próxima á da lingua familiar da segunda xeración (avós paternos e maternos), **indican que mudaron cara ao castelán na Educación Infantil**, aínda que tamén hai unha porcentaxe importante de familias –18,6%– que sinala a escola infantil (i.e Gardería) como institucións educativa relacionada con este muda lingüística.

8 Para unha discusión sobre o tema véxase Pujolar/González 2013 e Pujolar/Puigdevall 2015.

Figura 16

Muda lingüística cara ao castelán coa escolarización.





Figura 17

Etapa educativa onde se produciu a muda lingüística cara o castelán.



3.7. Actitudes lingüísticas das familias

A continuación detallamos os resultados das actitudes lingüísticas explícitas das familias. Os datos indican unhas medias superiores ao punto medio da escala, onde o ítem “a adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece” obtén a maior puntuación. Pola contra, o enunciado “Gustaríanos que o/a nosa/a fillo/a recibise máis clases en galego” recibe a menor puntuación.

Táboa 6
Actitudes lingüísticas familiares*.

	N	Media	DS	IC 95%	
				Inferior	Superior
O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos	354	3,78	1,26	3,63	3,90
As matemáticas pódense aprender en galego	355	3,92	1,40	3,77	4,08
A adquisición das dúas (ou máis) linguas, enriquece	356	4,62	1,02	4,52	4,73
Gustaríanos que o/a noso fillo/a recibise máis clases en galego	353	3,37	1,38	3,21	3,51
En Galicia, o galego é útil	353	4,28	1,09	4,16	4,39
En Galicia, debería usarse máis o galego	355	3,99	1,20	3,86	4,11
Para nós é importante a lectura en galego	356	4,04	1,15	3,93	4,17

*N: tamaño da mostra. Media: intervalo 1-6. DS: desviación típica. IC: intervalo de confianza.


3.7.1. Actitude lingüística xeral

O factor da actitude lingüística xeral⁹ indica que as familias con fillos e fillas que aprenderon a falar en castelán e monolingües nesta lingua teñen actitudes menos positivas cara ao galego que o resto de perfís lingüísticos familiares; poderíamos falar incluso dun perfil con actitudes lingüísticas negativas xa que, por exemplo, un 24,2% de castelanfalantes está en desacordo e un 28,8% opta pola indiferenza ante a pregunta de se en Galicia debería usarse máis o galego.

9 Realizouse unha análise de compoñentes principais mediante a cal se agrupou os 6 ítems de actitudes lingüísticas nun só factor cunha alta capacidade explicativa (69,59%) e cunha distribución dos ítems no compoñente moi semellantes. Desbotouse da análise o ítem “A adquisición de dúas (ou máis linguas), enriquece” xa que medía un tipo de actitude diferente e baixaba a capacidade explicativa da actitude xeral.

Figura 18

Actitudes lingüísticas familiares xerais segundo a lingua habitual (LH) e lingua inicial (LI)*.



*Diferenzas significativas na alternativa “castelán” fronte ao resto ($F=7,745$; $p<0,001$).


3.8. Perfís familiares

A continuación presentamos de forma resumida o nivel de uso habitual do galego nas diferentes xeracións familiares, utilizando o estatístico da media acompañado da barra do intervalo de confianza para o 95%. Os resultados indican como se vai erosionando a transmisión do galego, o que se ve reflectido nun retroceso gradual do idioma xeración tras xeración; percíbense diferenzas entre a xeración dos avós e avoas e a dos proxenitores. Por outra banda, distínguense máis claramente, a nivel galego, as diferenzas do modelo de xénero, onde a lingua propia presenta un maior retroceso na muller que nos homes.

En definitiva, dunhas prácticas lingüísticas familiares maioritarias en galego, na xeración dos avós, pasando por un uso bilingüe e galego e castelán dos proxenitores, chegouse a unha utilización maioritaria do castelán na xeración actual.

Figura 19

Nivel de utilización do galego na familia.
Preséntase en medias incluíndose o intervalo de
confianza dun 95% (nivel de erro).
(0= ningún; 1=máximo).



A fin de ter unha visión dos diferentes perfís familiares en relación á lingua realizamos unha serie de análises multivariantes e obtivemos catro grupos familiares en base aos comportamentos lingüísticos dos compoñentes, xunto coas súas motivacións e actitudes¹⁰. Os grupos obtidos denominámoslos:


- A. **FAMILIAS GALEGOFALANTES:** caracterízanse por expresarse en galego e ter actitudes e motivacións favorables cara a esta lingua. Este grupo lingüístico observa como na vida dos seus fillos e fillas se vai introducindo o castelán cando saen do contexto familiar, porén, a súa lingua habitual segue a ser maioritariamente o galego.

¹⁰ Para que as actitudes lingüísticas fosen máis comprensibles configurámoslas nunha escala de 0 a 1, igual que o resto de puntuacións, e escollemos o ítem máis reactivo (i.e. "Gustaríanos que o noso fillo/a recibise máis clases en galego"). Esta enunciado en concreto está relacionado coas actitudes cara ao ensino en galego, ten o suficiente nivel de concreción e implica unha valoración cara á acción, dous aspectos importantes no momento de medir actitudes.

- B. FAMILIAS CASTELANFALANTES: son familias con nenos/as, proxenitores/as e, incluso (en moitos dos casos) avós/as castelanfalantes. Os nenos e nenas destas familias aprenden a falar galego a través do ensino formal e carecen de referencias familiares. Todo isto é acompañado dunha falta de motivacións para utilizar o galego e unhas actitudes que mesmo poderían ser definidas como pouco favorables.
- C. FAMILIAS BILINGÜES - EN CASTELÁN: familias que se desenvolven fundamentalmente en castelán -“máis castelán”- sendo a liña materna a que retén un maior uso do galego. Caracterízanse pola ruptura da transmisión interxeracional, centrada na liña materna, entre avós maternos e nai. Aquí as motivacións cara a falar son igual de pouco favorables que no grupo de familias castelanfalantes, mais cunhas mellores actitudes.
- D. FAMILIAS BILINGÜES MIXTAS: ao contrario que no grupo anterior, este caracterízase pola reprodución do galego en familias lingüísticamente mixtas vía paterna entre avós e pai. A ruptura prodúcese na xeración actual de nenos e nenas; a razón son os usos en castelán da nai que xunto, á socialización secundaria, acaban provocando uns usos máis castelanizados dos nenos e nenas. Outra diferenza fronte ao perfil anterior é unha maior motivación dos nenos e das nenas para falar en galego.

Figura 20

Perfís lingüísticos familiares no Agro do Muíño atendendo aos usos, actitudes e motivacións familiares.



A análise da presenza de perfís familiares indica que un 25% das familias xa non ten referentes en galego (familias castelanfalantes), e un 50% está nun proceso de interrupción da súa transmisión: o 22,3% está asentando o proceso de ruptura da transmisión interxeracional do galego, visible na vía materna na xeración anterior (i.e. Avós), e o 27,3% semella estar inmerso coa xeración actual neste proceso, que se ve favorecido pola existencia de familias mixtas lingüísticamente, onde a nai se expresa fundamentalmente en castelán.

Figura 21

Presenza dos perfís familiares.





Figura 22

Relación entre muda lingüística e tipoloxía de familias. Porcentaxe de incidencia segundo a tipoloxía de familia.



A maioría das familias galegofalantes (66,4%) indica que os seus fillos e fillas mudan cara ao castelán ao entrar no sistema educativo. A figura seguinte permítenos observar as diferencias entre dous tipos de familias bilingües e como afecta o contexto escolar na mudanza lingüística das familias mixtas (27,8%) e case non afecta ás familias máis castelán (8,7%).

4. O alumnado


4.1. Lingua inicial

Case a metade dos nenos e nenas de Agro do Muíño indican que aprenderon a falar en castelán; unha minoría dun 13,1% en galego, aínda que existe unha poboación importante de bilingües (34,3%). Contrastando estes resultados cos dos proxenitores os resultados amosan que:

- Hai unha correlación bastante exacta entre as dúas enquisas (alumnado e familias).
- A diferenza fundamental sitúase na correspondencia entre os bilingües iniciais (“as dúas”) na enquisa dos nenos e nenas e a alternativa de resposta “máis galego” e “galego e castelán” do cuestionario a proxenitores. Este resultado permítenos indicar que a alternativa de **bilingües iniciais foi escollida por un perfil de nenos e nenas máis próximo ao galego.**

Figura 23

Lingua inicial nenos e nenas do Agro do Muíño en comparación cos datos de Galicia, comarca de Santiago e cidade de Santiago de 2013.




Contrastando os resultados de lingua inicial do Agro do Muíño cos de Galicia, e tamén da comarca e a cidade de Santiago, a tendencia existente é clara. As porcentaxes de LI en galego na comarca, incluso na cidade de Santiago de Compostela, son significativamente maiores que as obtidas no centro analizado, +11,2% e +7,5% respectivamente; os resultados do centro son parellos aos resultados xerais para toda Galicia, o que advirte da substitución do galego polo castelán no periurbano galego, incluso naquel contexto que semella máis favorable para o desenvolvemento do galego como pode ser o semiurbano de Santiago de Compostela.

4.1.1. A importancia da idade

Introducimos o concepto de idade pola súa importancia para as previsións de futuro de calquera diagnóstico que se realice. Porén, neste caso, a existencia de cambios na lingua inicial (unha variable relativamente estable) segundo a idade dos enquisados/as non indica que sexa un diagnóstico da evolución da LI en diferentes cohortes, senón que pode ser que os nenos/as modifiquen co tempo a consideración sobre a súa LI. De feito, o que atopamos é un aumento das alternativas monolingües coa redución da idade, tanto en galego como en castelán e unha diminución da alternativa bilingüe.

Figura 24

Lingua inicial dos nenos e nenas segundo a idade.



4.2. Lingua coa familia

A lingua utilizada para relacionarse coa familia é, na maioría dos casos, o castelán, aínda que varía segundo a xeración familiar. Vaia un exemplo: o 30% utiliza preferentemente o galego cos avós paternos mais a porcentaxe cos irmáns non supera o 11%.

As diferenzas por xénero que se advertían na enquisa aos proxenitores proxéctanse tamén nestes resultados, pois os nenos e nenas utilizan menos o galego para dirixirse á nai que ao pai, tanto se escollemos as alternativas de preferente (“só” e “máis galego”), como se incluímos aos bilingües. Estes resultados indican ademais un uso diferenciado coa familia materna, onde se utiliza menos o galego que coa familia paterna.

Utilizando o indicador de presenza do galego para dirixirse á familia, que resume os resultados anteriores, obsérvase claramente como o nivel de presenza do galego é inferior ao punto medio da escala, incluso na relación cos avós. O IPG vai reducíndose a medida que as xeracións son máis próximas ao entrevistado, cos avós a presenza do galego é maior, redúcese cos proxenitores e baixa aínda máis cos/as irmáns/ás.

Figura 25

Usos habituais cos compoñentes da familia.





Figura 26

Lingua coa familia. Indicador de presenza do galego (IPG, onde 0 é a puntuación máis baixa e 1 a máxima).



4.2.1. A importancia do xénero


En relación aos resultados anteriores, sorprenden as diferenzas entre a lingua de uso coa nai e a lingua de uso co pai, que se ven reflectidas nunhas prácticas lingüísticas diferentes ao comunicarse cos avós paternos e cos maternos: os resultados indican que os/as enquisados/as manteñen un maior uso do galego coa liña paterna que coa materna, mantendo a coherencia obtida nas entrevistas aos pais e nais.

En relación ao alumnado, son as enquisadas as que manteñen en maior medida que os homes o idioma galego cos seus pais e avós. Este resultado necesita dunha análise máis fonda para explicar as causas subxacentes deste cambio na conduta lingüística das mulleres no contexto familiar do semiurbano galego.

En definitiva, o xénero segue a ter grande importancia nos usos lingüísticos do alumnado actual, porén son as mulleres as que, en maior medida, manteñen as súas prácticas lingüísticas en galego cando se dirixen aos pais e aos avós paternos, mentres estes interlocutores manteñen en maior medida a utilización do galego que nais e avoas xa que estas últimas sufriron unha maior presión social de cambio cara ao castelán.

Figura 27

Diferenzas significativas na lingua utilizada coa familia segundo o sexo do alumno/a. Indicador de presenza do galego (IPG, intervalo de 0-1 onde 0 é nada e 1 é moito).




4.3. Lingua na escola

Cando se lle pregunta aos nenos e nenas sobre a lingua de comunicación cos diferentes axentes que compoñen o contexto escolar, a principal conclusión que se pode extraer é que nas súas prácticas predomina o castelán, aínda que o alumnado indica que os seus usos co profesorado poden considerarse “bilingües”.

Comparando estes resultados coa lingua empregada na casa percíbese un proceso de mudanza lingüística cara ao castelán nos contextos máis informais (compañeiros/as, actividades extraescolares, persoal non docente) que ten unha grande importancia neste contexto. Podemos extraer cifras relevantes como que só un 3,9% dos/as nenos e nenas utilizan preferentemente o galego cos/as compañeiros/as, mentres que un 83,1% escolle maioritariamente o castelán. Tamén cómpre destacar que as cifras acadadas sobre a presenza do galego na comunicación co persoal non docente nas actividades extraescolares é menor que as que manexamos no relativo ao profesorado, habería que analizar por que os nenos e nenas mudan do galego cara ao castelán

con estes profesionais da educación que, ademais, exercen un papel de modelado maior que o do profesorado pola súa proximidade ao alumnado¹¹.

Figura 28
Lingua na escola.




Aplicándolle o índice de presenza do galego á lingua utilizada na escola polos enquisados e enquisadas, obsérvase que a utilización do galego é menor que a do castelán (inferior a 0,50). Na figura anterior pode contemplarse un retroceso nas prácticas en galego e nas bilingües na comunicación co profesorado en relación co persoal non docente e persoal das actividades extraescolares, retroceso que é maior na comunicación entre iguais.

11 Na actualidade o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega está analizando as prácticas lingüísticas dos infantes neste contexto cunha metodoloxía mixta (observacional, entrevistas, grupos de discusión).

Figura 29

Lingua na escola. Indicador de presenza do galego (IPG, intervalo de 0-1 onde 0 é nada e 1 é moito).




4.3.1. A importancia do ciclo educativo

A interpretación dos resultados da influencia do ciclo educativo na mudanza de lingua leva parella a cuestión relativa a se son consecuencia do cambio de cohorte ou doutro tipo de cambio relativo ao profesorado (ex. lingua de docencia). A cuestión é que a lingua de comunicación co profesorado no primeiro ciclo aproxímase a un uso case paritario nas dúas linguas oficiais, mais no segundo ciclo a presenza do galego retrocede significativamente; este desprazamento cara ao castelán afecta tanto ás condutas dos galegofalantes como ás do alumnado bilingüe.

Figura 30

Lingua co profesorado segundo o ciclo educativo.
Indicador de presenza do galego
(IPG, intervalo de 0-1 onde 0 é nada e 1 é moito)*.




*Esta é a única variable da lingua na escola que obtén diferenzas significativas por ciclo educativo. As diferenzas céntranse entre o 1º ciclo de primaria e o 2º ciclo de primaria.

4.3.2. A importancia do xénero

A lingua utilizada no contexto escolar polas enquisadas e enquisados difire significativamente segundo o seu xénero; así, as primeiras fan un maior uso do galego cos interlocutores/as máis próximos (i.e. actividades extraescolares, compañeiros/os da escola). Mentres que nos contextos máis formais as súas condutas lingüísticas son máis variables.

Figura 31

Lingua na escola segundo o xénero.
Indicador de presenza do galego
(IPG, intervalo de 0-1 onde 0 é nada e 1 é moito).



4.4. Lingua no contexto próximo

O estudo da relación entre a práctica lingüística e a proximidade é recorrente na sociolingüística. Neste apartado inclúense tres contextos diferentes, un primeiro máis informal e próximo ao informante (i.e. lingua no parque), un ámbito próximo pero menos informal para o alumnado como é o comercio local de proximidade (lingua nos establecementos/comercios da vila/cidade) e, finalmente, as interaccións con persoas descoñecidas cando o informante inicia a conversa (i.e. lingua coas persoas descoñecidas). En xeral, todos estes ámbitos son desenvolto en castelán, o que indica que o alumnado co que traballamos establece as súas redes sociais fóra da escola¹², desde nenos/as e no contexto semiurbano¹³ de Ames, en castelán, a lingua dominante. Porén, as diferenzas entre unhas e outras circunstancias son significativas.

12 Nestas idades as redes sociais cos iguais son maioritariamente as mesmas na escola que fora da escola. Poden modificarse no período de vacacións.

13 Fálase dos nenos e nenas escolarizados en Agro do Muíño que pertencen (fundamentalmente) á parroquia de Ortoño. Habería que estudar como inflúe a parroquia de Biduído nos comportamentos lingüísticos dos nenos e nenas.

Os parques urbanos son contextos estruturados (ou semi) onde os nenos e nenas establecen interaccións cos iguais de forma aberta a través do xogo, practicando aquelas competencias sociais importantes para o desenvolvemento do individuo. Nestes espazos, os nenos e nenas que falan fundamentalmente en galego non chegan ao 5%, é dicir, 12 persoas de 280. Contrastando este resultado co número deles que comezarían a falar en galego cunha persoa descoñecida, a cifra chega case a un 10% (50 persoas). Estes resultados indican a existencia dunha presión lingüística cara ao castelán naqueles contextos de socialización secundaria que cristaliza nun proceso de muda lingüística do galego polo castelán.

Figura 32

Lingua do contexto próximo do nenos e nenas.





Figura 33

Lingua no contexto próximo.
Indicador de presenza do galego
(IPG, intervalo de 0-1 onde 0 é nada e 1 é moito).




4.4.1. A importancia do xénero

O xénero tamén ten a súa incidencia neste apartado naqueles contextos máis próximos aos enquisados/as (no parque, nos establecementos), onde as mulleres se desenvolven máis en galego que os homes. Pola contra, cando non existe unha relación previa e a lingua do interlocutor/a é descoñecida, os homes utilizan na mesma medida que as mulleres o galego, o que indica que existe unha maior adaptación á lingua do contexto cara ao castelán por parte dos homes.

Figura 34

Lingua no contexto próximo segundo o xénero.
Indicador de presenza do galego
(IPG, intervalo de 0-1 onde 0 é nada e 1 é moito).




*Diferenzas significativas nas variables de lingua no parque e nos establecementos.

4.5. Competencias lingüísticas

O primeiro que require da nosa atención neste apartado é a inexistencia de diferenzas significativas entre as competencias orais e as escritas, tanto na comprensión como na expresión. A autoavaliación da capacidade para falar e para escribir é semellante: os resultados na capacidade expresiva pódense caracterizar como intermedios, xa que se sitúan entre o punto do medio da escala e a alternativa de “bastante”.

Figura 35

Competencia lingüística en galego.
Índice de competencia lingüística
(ICL, intervalo de competencia lingüística de 0-1
onde 0 é pouco e 1 é moito).




Estudando as competencias desde o enfoque da porcentaxe, obsérvase que ao redor dun 15% sinala que non ten as competencias suficientes para falar nin para escribir en galego. Así mesmo, o perfil oposto componse por un 25% da mostra que considera que ten “moitas” competencias para poder falar e escribir en galego.

Para realizar unha correcta lectura dos resultados é necesario que nos preguntemos sobre a consideración que os nenos e nenas destas idades teñen do que é posuír unha competencia lingüística intermedia, é dicir, se teñen a capacidade para expresarse en galego sen problemas ou se, pola contra, contan con algún tipo de dificultade.

Figura 36

Competencia lingüística expresivas en galego
-falar, escribir. %.




4.5.1. A importancia da lingua inicial

A importancia da lingua inicial no relativo á competencia lingüística é evidente, a cuestión é atopar ata que punto están relacionadas estas dúas variables. Nestes casos hai un aumento gradual das competencias expresivas a medida que o galego está máis presente como L1. A relación é maior na expresión oral que na expresión escrita.

O resultado máis importante fai mención a aquelas persoas que teñen como LI castelán, un 20% de persoas deste grupo lingüístico indican que se consideran incapaces de expresarse en galego (i.e. falar, escribir).

Figura 37

Competencia lingüística expresivas en galego
-falar, escribir- segundo a lingua inicial. %




4.5.2. A importancia do ciclo educativo

As análises indican que o alumnado mellora a capacidade para falar e escribir a medida que vai superando os ciclos de Primaria. Centrándonos naquelas persoas que aprenderon a falar en castelán (i.e. LI castelán), estes entraron na educación primaria cunhas competencias para expresarse en galego deficitarias en relación á xente que está no 2º e no 3º ciclo de primaria. Estas competencias aumentan significativamente cando se comparan co 2º ciclo, aínda que despois se estabilizan.

Habería que analizar máis en profundidade (de forma lonxitudinal) a posible existencia dun efecto teito na adquisición de competencias lingüísticas en galego que serviría para poder diferenciar o efecto de cohorte da variable intervención educativa.

Figura 38


Competencia lingüística en galego segundo o ciclo educativo –falar, escribir.
Índice de competencia lingüística (ICL, intervalo de competencia lingüística de 0-1 onde 0 é pouco e 1 é moito).



*Preséntase as competencias onde existen diferenzas significativas. As diferenzas céntranse entre o 1º ciclo e o 3º.

Figura 39

Competencia lingüística en galego segundo o ciclo educativo. Selección das persoas que aprenderon a falar castelán –falar, escribir. Índice de competencia lingüística (ICL, intervalo de competencia lingüística de 0-1 onde 0 é pouco e 1 é moito).




*Preséntase as competencias onde existen diferenzas significativas. As diferenzas céntranse en falar entre o 1º ciclo e o 3º.

4.5.3. A importancia do xénero

As competencias lingüísticas das mulleres nas destrezas expresivas son significativamente maiores que as dos homes. As primeiras acadan cifras medias próximas ao punto 0,75 equivalente á alternativa “bastante”. Este feito está moi relacionado coas prácticas lingüísticas deste grupo, xa que cando se igualan os grupos seleccionando as persoas con lingua inicial castelán, as diferenzas desaparecen.

Figura 40

Competencia lingüística en galego segundo xénero –falar, escribir. Índice de competencia lingüística (ICL, intervalo de competencia lingüística de 0-1 onde 0 é pouco e 1 é moito).



4.6. Actitudes lingüísticas

As actitudes lingüísticas explícitas cara ao galego do alumnado do Agro do Muíño, que se poden extraer das respostas ás catro preguntas realizadas no cuestionario, indican que existe unha predisposición lingüística actitudinal positiva cara ao galego. Porén, analizando máis polo miúdo as respostas, os dous ítems máis xenéricos (“o galego é unha lingua tan válida coma calquera outra” e “o galego é un idioma que se debe conservar e transmitir a xeracións futuras”) son os que reciben as respostas máis positivas, a medida que percibimos como os ítems que son máis específicos as respostas diminúen en positividade. No relativo á pregunta “gustaríame ter videoxogos en galego”, a valoración actitudinal xeral sitúase lixeiramente por riba da metade da escala, de feito, ao redor dun 25% indica a súa oposición ao enunciado e outro 25% a súa indiferenza. En definitiva, nun ítem que valora unha actitude cara ao galego concreta e enfocada cara á acción, as predisposicións positivas cara ao galego reducense ao 50%¹⁴.

14 Consideramos este resultado importante xa que estes nenos e nenas aínda non adquiriron o pensamento formal.

Táboa 7

Actitude lingüística cara ao galego.
Medias: intervalo 0-1*.

	N	Media	DS	IC 95%	
				Inferior	Superior
O galego é unha lingua tan válida coma calquera outra	278	0,82	0,31	0,78	0,86
Gustaríame ter videoxogos en galego	278	0,59	0,37	0,54	0,63
O galego é unha lingua axeitada para falar na cidade	278	0,77	0,28	0,74	0,81
O galego é un idioma que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras	278	0,85	0,29	0,82	0,88

* Para explicación dos campos véxanse as notas á Táboa 6 (páx. 24).

4.7. Perfís lingüísticos

Coa finalidade de ter unha visión global e transversal dos resultados, isto é, de obter unha caracterización que indique os principais trazos dos grupos lingüísticos do Agro do Muíño, atenderase aos seguintes aspectos:

- a. Competencias lingüísticas (i.e. falar, escribir).
- b. Lingua coa familia¹⁵.
- c. Lingua na escola.
- d. Lingua no contexto próximo.
- e. Actitudes lingüísticas.

Introducindo as variables relacionadas coas competencias, usos e actitudes dos informantes na análise, obtivemos tres perfís lingüísticos claramente diferenciados e que etiquetamos como:

- I. CASTELANFALANTE. Este primeiro perfil caracterízase por ter unhas competencias lingüísticas en galego medias e unha utilización nula/case nula do galego coa familia (tanto de primeira coma de segunda xeración). A escasa ou nula utilización do galego mantense no contexto escolar e próximo, a única excepción é a lingua co profesorado onde a presenza do galego acada unha equivalencia a “máis castelán”. Este perfil asóciase á posesión dunhas actitudes lingüísticas cara ao galego non favorables, tendentes á indiferenza.


Valoramos máis axeitadas as preguntas enfocadas cara á conduta en contornas próximas e concretas é importante en etapas educativas previas á adquisición do pensamento formal).

15 Elimínouse a lingua cos irmáns pola porcentaxe de casos de “non teño/non contesta”.

2. GALEGOFALANTE. Este grupo lingüístico caracterízase por posuír unha competencia elevada para falar e escribir en galego. Exprésase en galego coa familia, porén cando socializa fóra deste contexto (i.e. escola, contexto próximo), a utilización do idioma galego redúcese drasticamente, especialmente naqueles ámbitos que podemos definir como próximos (parque, amizades, actividades extraescolares).
3. BILINGÜES FAMILIARES. É un grupo de informantes caracterizados por unhas competencias expresivas relativamente altas en galego. Estes nenos e nenas fan un uso bilingüe do galego e castelán na familia [predominio do castelán]. Neste perfil advírtense as diferenzas de uso do galego entre a liña paterna e a materna, estas diferenzas operativízanse nunha maior presenza do galego cos primeiros que cos segundos. O grupo mantén, relativamente, os usos bilingües [preferente en castelán] que utilizan coa liña materna, no contexto educativo (profesorado, persoal non docente, actividades extraescolares), nos establecementos da vila/cidade e cos descoñecidos porén, descende nos ámbitos de maior proximidade (compañeiros da escola, parque...).

Figura 41


Perfís lingüísticos de alumnado baseado nas súas prácticas lingüísticas (familia, escola e contexto próximo), competencias lingüísticas (falar, escribir) actitudes lingüísticas (gustárame ter un videoxogo en galego). Adxudicación de tres etiquetas a cada un dos perfís: galegofalantes, castelanfalantes e bilingües¹⁶.



16 A etiqueta bilingües familiares correspóndense cun uso bilingüe galego castelán na casa que vai acompañado cun

A continuación presentamos representación de cada grupo no centro. Como se pode ver, 1 de cada 10 podería definirse como pertencente ao grupo galegofalante, é dicir, competentes que falan en galego na casa, con condutas bilingües na socialización secundaria e actitudes positivas cara á lingua que lles foi transmitida. Despois está o grupo de bilingües familiares (4 de cada 10), un grupo de transición con competencias en galego (e supoñemos que en castelán), onde se transmitiron as dúas linguas. Os nenos e nenas ao saír do contexto familiar establecen as súas redes sociais en castelán, por tanto, a previsión de transmisión do galego á seguinte xeración será escasa ou nula. Por último, o grupo maioritario de castelanfalantes ten un déficit de competencias e actitudes cara ao galego. Desenvólvese integramente en castelán, incluso sen referentes familiares onde utilicen o idioma galego. O “único” reduto de produción do idioma galego é no contexto escolar formal (i.e. “co profesorado”).

Figura 42
 Presenza dos grupos lingüísticos
 no CEIP Agro do Muíño.



A través do estudo da influencia da lingua familiar na lingua habitual dos nenos e nenas, obtivemos que esta ten grande relevancia ($R^2=0,593$), as variables con maior importancia refírense á familia nuclear, centrada na nai e na lingua falada cos fillos/as, así como a lingua do contexto próximo. A outra variable fai referencia a aspectos motivacionais e á intención de falar en galego.

Na etapa infantil o poder explicativo do modelo aumenta ($R^2=0,746$), centrándose a súa capacidade explicativa en dúas variables: na lingua que utilizan os proxenitores para dirixirse aos/as fillos/as ($\beta=0,797$) e na motivación para falar en galego ($\beta=0,132$). En definitiva, a lingua habitual dos nenos e nenas da etapa de infantil está especialmente relacionada coa lingua que utilizaron os pais para dirixirse aos fillos e fillas.

proceso de substitución do galego polo castelán fora de esta.

Na etapa de primaria, o poder explicativo das variables incluídas no modelo, para explicar a lingua habitual dos nenos e nenas diminúe, aínda que segue sendo alto ($R^2=0,537$) e as variables que compoñen o modelo cambian. Aquí o poder explicativo xa se reparte dunha forma máis semellante entre aspectos motivacionais ($\beta=0,359$), lingua dos proxenitores aos fillos ($\beta=0,367$) e incorpórase a lingua do contexto próximo ($\beta=0,221$).

Estes resultados indican a importancia da lingua dos proxenitores para dirixirse aos fillos nas primeiras etapas e como esta vai perdendo importancia nas prácticas lingüísticas a medida que os nenos van tomando contacto cos diversos contextos de socialización secundaria (entre eles a escola), a través dos cales van construído as súas motivacións lingüísticas.

Táboa 8

Coefficientes do modelo de regresión lineal múltiple de lingua habitual.

Modelo	Coefficientes no estandarizados B	Coefficientes estandarizados B	t	Sig.
(Constante)	-.083		-3.686	.000
Lingua nai	.114	.159	2.653	.008
Lingua do contexto próximo	.152	.167	3.205	.001
Lingua aos fillos	.249	.341	5.210	.000
Motivación	.263	.317	8.603	.000


F= 124, 56; $p<0,001$; $R^2= 0,507$ (intervalo: 0-1) .

5 O profesorado

5.1. Prácticas lingüísticas habituais

Os resultados indican que a maioría do profesorado que contestou á enquisa se expresa preferentemente en galego na súa vida cotiá fóra do centro (60%), ou alterna entre o galego e o castelán (20%); só dous de cada dez falan maioritariamente en castelán. Centrándonos nas prácticas dentro do centro, vemos que o uso habitual do galego aumenta a sete de cada dez; o profesorado que indica que fala habitualmente máis castelán na súa vida cotiá sinala que no centro fala máis galego, mentres que o monolingüe fóra do centro segue sendo monolingüe no centro (13,3%).

Figura 43
Prácticas lingüísticas do profesorado dentro e fóra do centro.



5.2. Lingua e familia

Os resultados que observamos no relativo á lingua de comunicación do profesorado no contexto familiar, tanto da familia da que provén como da nuclear, amosan a particularidade dunhas cifras superiores ás da poboación galega urbana. Aínda así, ao analizarmos os resultados vemos que o uso do galego é máis habitual cos pais e nais que na comunicación con fillos ou fillas e mesmo con irmáns.

Figura 44

Lingua coa familia do profesorado.





Figura 45


Índice de presenza do galego na familia no profesorado.



5.3. Competencias e motivacións lingüísticas

A metade do profesorado cre que a súa capacitación para empregar o galego na actividade docente –considerouse este aspecto como competencia lingüística en galego– era “moi alta”; soamente un 20%, seis persoas, valorou a súa destreza como “media”. Cabe destacar que destas seis persoas (de trinta) soamente dúas, amosaban unha boa predisposición cara á aprendizaxe do galego. A maiores, hai que sinalar que as categorías “moi baixa” e “baixa” non tiñan ningún caso.

Figura 46
Competencias lingüísticas en galego
–desenvolver a actividade docente.



5.4. Lingua e escola

A lingua utilizada na escola, segundo as respostas do profesorado que contestou esta enquisa, predomina o idioma galego. De feito, comparando a lingua fóra do contorno educativo e a lingua na escola, o galego está máis presente na escola que fóra dela; así mesmo, é máis usual na comunicación cos compañeiros e compañeiras que co alumnado. Cómpre sinalar que a opción lingüística máis frecuente co alumnado dentro do centro educativo é “máis galego ca castelán” (50%) mais, fóra do centro educativo, as alternativas están compensadas entre monolingüismo e bilingüismo con predominancia do galego.

Figura 47

Lingua e educación no profesorado.





Figura 48


Índice de presenza do galego no profesorado na escola.



5.5. Lingua e proximidade

As dúas preguntas empregadas para estudar a relación entre proximidade e lingua, permítenos observar como, coas persoas descoñecidas a opción preferente foi a bilingüe galego-castelán, aínda que a lingua coas amizades (contexto informal de maior proximidade) foi o galego (37%).

Figura 49
Lingua e proximidade no profesorado.




5.6. Normas de uso nas conversas bilingües

Respecto ás normas de uso nas conversas bilingües, os resultados xerais para Galicia son que “a norma implícita para a maioría dos galegos nas conversas bilingües é converxer na lingua do interlocutor” (Monteagudo/Loredo/Vázquez 2016: 118), condutas que se producen tanto no grupo de castelánfalantes de orixe castelán como nos galegos de orixe galego e que aumentan a medida que se superan etapas evolutivas; o contexto urbano favorece a converxencia. O grupo neofalante é o único que diverxe desta tendencia xeral nas conversas bilingües.

Esta norma implícita de converxencia en determinados grupos (ex. idade) e contextos (ex.: semiurbano, urbano do eixe atlántico) implica unha conduta de converxencia unidireccional cara ao castelán: se ao profesorado lle falan en castelán, case a metade dos galegofalantes e bilingües converxe en castelán co interlocutor, porén, existe un terzo do profesorado galegofalante que se mantén na súa lingua habitual; a porcentaxe de profesores ou profesoras que se manteñen en castelán cando se dirixen a eles ou a elas en galego é menor (17%)¹⁷.

Figura 50

Lingua escollida polo profesorado cando lle falan unha ou outra lingua segundo a súa lingua habitual fóra do eido escolar.



5.7. Actitudes lingüísticas

A continuación detallamos os resultados do apartado correspondente ás actitudes lingüísticas explícitas do profesorado: as puntuacións sobre os enunciados de actitudes cara ao galego indican unha boa predisposición, aspecto que coincide coas condutas lingüísticas deste colectivo que, como vimos nos puntos anteriores, desenvólvense fundamentalmente en galego. O ítem cunha puntuación media máis baixa e unha desviación típica das máis altas é “Cadaquén debería poder impartir as clases na lingua que quixese”, o que pode interpretarse ben como a) non debe deixarse á elección do profesorado a lingua da docencia ou como b) non se está de acordo co modelo lingüístico vixente e por iso se prefire que o profesorado escolla a lingua da docencia; tanto no primeiro como no segundo caso poden convivir actitudes lingüísticas favorables e desfavorables cara ao galego.

¹⁷ Hai que ter en conta a mostra tan reducida deste apartado, o que obriga a ser coidadosos ao realizar inferencias nos cruzamentos, especialmente se estes se refiren á alternativa de castelán.

Táboa 9
Actitudes lingüísticas familiares*.

Ítems	N	Media	DS	IC 95%	
				Inferior	Superior
O uso do galego establecido na lexislación é excesivo (puntuación rotada)	29	4,66	0,67	4,41	4,86
Cadaquén debería poder impartir as clases na lingua que quixese (puntuación rotada)	29	4,31	0,97	3,93	4,66
O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua	29	4,83	0,38	4,69	4,97
A lingua debe ser fomentada socialmente	29	4,59	0,98	4,21	4,90
É necesario destinar recursos á normalización e dinamización lingüística	29	4,59	0,63	4,38	4,78

* Para explicación dos campos véxanse as notas á Táboa 6 (páx. 24).

6. Conclusións


6.1. Lingua inicial e habitual

A lingua na que está aprendendo a falar a metade do alumnado de primaria do semiurbano de Compostela, en concreto do CEIP Agro do Muíño, é fundamentalmente o castelán. A presenza de informantes con L1 galego é escasa (un de cada dez), pola contra o perfil de L1 bilingües é importante, aínda que menor que o perfil de castelanfalantes iniciais.

Contrastando a L1 dos informantes cos últimos datos demolingüísticos do Instituto Galego de Estatística (IGE; Monteagudo/Loredó/Vázquez 2016, 2018), o centro analizado é un claro exemplo do desprazamento do galego polo castelán que está a suceder no periurbano de Galicia. De feito, os datos indican que o proceso de substitución é maior neste centro que no resto da comarca de Santiago de Compostela, máis acusado incluso que no núcleo da cidade de Santiago.

Figura 51

Lingua inicial comparada do alumnado de primaria de Agro do Muíño cos resultados para Galicia, comarca e cidade de Santiago, de 5-9 anos recollidos en 2013.




Comparando a lingua inicial e a lingua habitual do alumnado observase que:

- Os niveis máis altos de reprodución lingüística están nos castelanfalantes iniciais, xa que o 90% das persoas que aprenderon a falar en castelán (i.e. “só castelán”, “máis castelán”) falan predominantemente en castelán. Pola contra, **os niveis de reprodución lingüística do idioma galego no alumnado sitúanse no 60%, é dicir, un 40% das persoas aprenderon a falar en galego acaban desprazando esta lingua polo castelán na súa vida cotiá.**
- *Un retroceso das posicións monolingües:* das persoas que aprenderon a falar nunha única lingua moitos acaban, posteriormente, empregando a súa L1 xunto coa outra. Este efecto é maior nos que teñen L1 galego (-10,5%) que os que teñen L1 castelán (-6,7%).

Figura 52

Comparación da lingua inicial coa lingua habitual.
Enquisa ás familias. Datos xerais (Infantil e Primaria).



6.2. Lingua e familia

Os datos das prácticas lingüísticas familiares das enquisas a familias e alumnado amosan a evolución dos usos neste contexto ao longo de tres xeracións; trátase dun eido fundamental para a salvagarda do idioma galego. Como se pode observar na figura seguinte, a diverxencia entre a lingua dos avós e proxenitores e a lingua utilizada polo alumnado para dirixirse a eles é significativa, un dato que é síntoma do proceso de ruptura da transmisión familiar interxeracional do galego, contexto que foi durante moito tempo o que axudou a conservar a lingua xeración tras xeración.


Os resultados xerais de lingua e familia visualizan:

- O retroceso da presenza do idioma galego no contexto familiar, xeración tras xeración: da xeración dos avós, onde o uso do galego é maioritario, pasamos a uns proxenitores bilingües (uso próximo “as dúas”) e chegamos, finalmente, aos fillos/as, onde a presenza do galego é minoritaria.
- A diferenza entre a lingua utilizada polos proxenitores cos fillos/as e a lingua na que aprenderon a falar: as familias que se dirixen en galego aos fillos consideran que a lingua inicial dos descendentes non está directamente relacionada coa conduta lingüística familiar, o que indica que as familias consideran que os contextos de socialización secundarios comezan dende idades tan temperás que estes teñen un gran influencia na adquisición da lingua inicial (i.e. medios de comunicación, escola infantil, etapa de infantil etc.).

- As diferenzas entre a conduta lingüística da nai e do pai, estando o castelán máis presente na primeira e o galego na segunda, o que explica que teña unha menor transcendencia na lingua dos fillos.

Figura 53

Prácticas lingüísticas familiares en primaria segundo as familias (lingua co...) e o alumnado (lingua co...).



*Datos extraídos da enquisa ás familias, xa que a enquisa ao alumnado consta de tres alternativas en LI (i.e. galego, castelán, as dúas) fronte a cinco nas familias (i.e. galego, máis galego, as dúas, máis castelán, castelán), máis doada de comparar numericamente. Por outra banda, non existe a pregunta xenérica de LH na enquisa ao alumnado.

6.3. Lingua e escola


Os resultados sobre lingua e escola informan dun profesorado que utiliza preferentemente o galego, tanto dentro como fóra da aula, cun alumnado que, en xeral, na aula [usos formais] utiliza o galego e o castelán na clase, cunha maior presenza desta última.

As interaccións con outros interlocutores dentro da escola son maioritariamente en castelán: o alumnado diríxese, polo xeral, en castelán ao persoal non docente, aos compañeiros/as e ao persoal das actividades extraescolares.

Comparando lingua na escola e lingua e familia obsérvase como a presenza do idioma galego é substituída pola do castelán cando os nenos e nenas entran no sistema educativo, quedando o primeiro relegado aos contextos de interacción máis formais.

Figura 54

Prácticas lingüísticas na escola en primaria segundo o profesorado e o alumnado. Enquisas ao profesorado e alumnado.




6.4. Lingua e proximidade

Os datos relativos ás prácticas lingüísticas segundo a proximidade ao informante proporcionánnos un retrato do panorama sociolingüístico do alumnado de primaria do CEIP Agro do Muíño.

Os informantes indican que no seu contexto máis próximo (veciños, familiares etc.) as dúas linguas están presentes, aínda que na vida comercial da vila o castelán vai gañando máis presenza. Porén, cando se lle pregunta polo contexto próximo (relacións cos iguais: no parque, os compañeiros da escola) obsérvase como as relacións se establecen en castelán; como apunte: cando se pregunta pola lingua utilizada cun descoñecido a presenza do galego aumenta. Polo tanto, a cuestión na que nos debemos centrar é: **por que no contexto dos iguais tanto na escola como fora da escola(contexto próximo) as interaccións se establecen en castelán?**

Figura 55

Lingua e proximidade segundo o alumnado e familias*.
IPG (Índice de presenza do galego).
Enquisas ao alumnado e ás familias.



*Esta pregunta provén da enquisa dos proxenitores “En que lingua lle falan maioritariamente aos seu fillo/a outros persoas próximas (tíos/as, veciños, curmáns/ás...)”.

6.5. Perfís familiares

Preséntase a continuación unha estimación das tipoloxías familiares expostas no apartado 3.8 Perfís familiares deste informe:

- *Familias castelanfalantes (22%)*: os nenos e nenas perden referentes (ou carecen deles) en galego. O proceso de substitución remóntase, en moitos dos casos, á segunda xeración (i.e. avós); as súas motivacións e actitudes caracterízanse por unha certa indiferenza cara á lingua (galega), incluso por un certo rexeitamento, aínda que non expresado de forma aberta.
- *Familias galegofalantes (25%)*: empregan habitualmente en galego; son familias cuxo contexto máis próximo se expresa nesta lingua e que contan cunhas actitudes familiares positivas cara ao idioma. Os nenos/as procedentes destas familias móvense en espazos onde os iguais son, en moitos dos casos, castelanfalantes, polo que, eles, galegofalantes habituais na casa, acaban adaptándose aos usos dos compañeiros/as.

- *Familias bilingües con transmisión do galego vía paterna (26%)*: caracterízase por un proceso de substitución do galego polo castelán a través da liña materna (nalgún caso ese proceso xa se producira); os niveis de retención do galego nos proxenitores son altos, mais os niveis de reprodución lingüística dos nenos e nenas baséanse na lingua da nai máis que na do proxenitor.
- *Familias bilingües con transmisión do galego vía materna (22%)*: caracterízase por un proceso de substitución do galego polo castelán na liña paterna (nalgunhas o proceso xa se producira na xeración anterior); a transmisión do idioma galego neste perfil viña pola liña materna, especialmente pola parte dos avós, xa que o nivel de retención do idioma galego das nais fóra da familia non é tan elevado como no caso anterior, de aí que a reprodución do galego cos fillos sexa menor que no perfil anterior.

Táboa 10

Resume das características de cada perfil.

Perfis	Castelanfalante (22%)	Galegofalante (25%)	Transmisión do galego vía paterna (26%)	Transmisión do galego vía materna (22%)
Avós maternos	0	++++	++	+++
Avós paternos	+	++++	+++	++
Pai	+	++++	+++	+
Nai	0	++++	+	++
Entre proxenitores	0	++++	++	+
LI	0	+++	+	+
LH	0	++	+	+
Actitudes	-	+++	+	+

*A “+” é un indicador resume que indica o IPG (índice de presenza do galego) onde o + indica que está máis próximo ao 25%, ++ ao 50%, +++ ao 75% e ++++ ao 100%. Escólllese a alternativa máis acaída ao valor (17 correspóndese con +, 27 con ++). No caso das actitudes tómasse como referencia o valor 50, os valores inferiores son “-” e os superiores “+”, e valora en escalas de decimais (64 equivale a +; 67 a ++).

6.5.1. Perfís do alumnado –Primaria

- *Perfil do alumnado castelanfalante*: caracterízase por unhas competencias lingüísticas en galego non medias e unha utilización nula/case nula do galego coa familia (tanto de primeira coma de segunda xeración). A escasa ou nula utilización do galego mantense no contexto escolar e próximo, sendo a única excepción a lingua co profesorado, onde a presenza do galego acada unha equivalencia a “máis castelán”; este perfil asóciase a unhas actitudes lingüísticas cara ao galego que poderíamos definir como indiferenza.

- *Perfil do alumnado galegofalante*: posúen unhas altas competencias para falar e escribir en galego; son informantes que se expresan en galego coa familia, porén, cando socializan fóra deste contexto (i.e. escola, contexto próximo) a utilización do galego decae drasticamente, en especial naqueles ámbitos que podemos categorizar como próximos (parque, amizades, actividades extraescolares).
- *Perfil do alumnado bilingüe familiar*: as súas competencias expresivas en galego son relativamente altas; estes nenos e nenas fan un uso bilingüe do galego e castelán na familia [predominio do castelán]. Neste perfil advírtese as diferenzas de uso do galego entre a liña paterna e materna, que se trasladan nunha maior presenza do galego cos primeiros que cos segundos. O grupo mantén, relativamente, os usos bilingües [preferente en castelán] que utilizan coa liña materna no contexto educativo (profesorado, persoal non docente, actividades extraescolares), nos establecementos da vila/cidade e cos descoñecidos, aínda que descende nos ámbitos de maior proximidade (compañeiros da escola, parque).

Figura 56

Perfis lingüísticos de alumnado baseado nas súas prácticas lingüísticas (familia, escola e contexto próximo), competencias lingüísticas (falar, escribir) actitudes lingüísticas (gustariame ter un videoxogo en galego). Adxudicación de tres etiquetas a cada un dos perfís: galegofalantes, castelanfalantes e bilingües. Enquisas ao alumnado.





Figura 57
 Presenza dos grupos lingüísticos
 no CEIP Agro do Muíño.
 Enquisas ao alumnado.



6.6. Muda lingüística

A importancia da contexto escolar reflíctese na pregunta sobre o cambio lingüístico cara ao castelán en infantil e primaria: un 36% das familias de fillos/as galegofalantes contestaron que ao entrar na escola comezou a falar máis castelán, indicando a maioría (63,9%) que foi a etapa de educación infantil onde se produciu esa muda; os perfís de familias máis afectadas foron as galegofalantes.

Figura 58
 Muda lingüística cara o castelán coa escolarización.
 Infantil e Primaria. Enquisa ás familias.





Figura 59

Relación entre muda lingüística e tipoloxía de familias. Porcentaxe de incidencia segundo a tipoloxía de familia. Enquisas ás familias.



6.7. O xénero

A prácticas lingüísticas do alumnado non se poden analizar sen ter en conta o xénero, pois as mulleres teñen unhas mellores competencias e fan un maior uso do galego que os homes, resultado extrapolable a todos os contextos analizados, excepto con interlocutores descoñecidos, onde os usos son parellos.

As mulleres, no contexto escolar, fan un maior uso do galego cos compañeiros, persoal non docente, actividades extraescolares e profesorado; nos contextos de proximidade as diferenzas céntranse nos establecementos da vila e, en menor medida no parque.

Pola contra, os usos familiares dos proxenitores indican como as nais utilizan en menor medida o galego que os pais, diferenciación por xénero que tamén se percibe cando se analiza aos avós por liña materna e paterna, facendo a primeira un menor uso que a segunda.

En relación ás competencias, as mulleres sinalan que teñen unha mellor capacidade para falar e escribir en galego; resulta significativo que no contexto familiar as mulleres fagan un maior uso do galego cos avós paternos e pais que o alumnado home, o que indica unha maior adaptación á lingua do interlocutor que os homes, máis asentados no castelán.

A pregunta que xorde despois de analizar estes datos é: esta modificación do modelo socio-lingüístico de xénero está relacionada cun cambio social, cun cambio do valor instrumental da lingua, refírese a un aspecto evolutivo puntual, céntrase nun aspecto contextual (periurbano, tipoloxía da poboación etc.) ou trátase dunha conxunción de todas as anteriores?

6.8. A escola

A cultura actual caracterízase por unha escolarización moi temperá, accedendo dende moi novos ás institucións educativas, centrais na socialización secundaria dos individuos¹⁸. Esta escolarización temperá implica que a escola exerza funcións na socialización primaria, que pode chegar a ser contraditoria coa exercida pola familia.

Achegándonos aos usos lingüísticos familiares e aos usos lingüísticos na escola, ou, tamén, á pregunta sobre muda lingüística, todos os resultados van na mesma dirección: o contexto escolar (CEIP Agro do Muíño) é un importante axente de socialización que favorece que os infantes galegofalantes vaian substituíndo progresivamente a súa lingua familiar polo castelán. De aí que un 36% dos proxenitores indiquen que ao entrar na escola os fillos/as comezaron a falar máis castelán ou que no alumnado de primeiro ciclo de Primaria teña un maior peso a presenza do galego que no do segundo. Pola contra, cando se fala de competencias lingüísticas, o contexto escolar ten un efecto positivo, xa que o alumnado vai adquirindo destrezas en galego, tanto orais como escritas, a medida que transcorren os ciclos de Primaria, porén, nos castelanfalantes iniciais semella existir un certo estancamento no último ciclo de Primaria.

Incidimos en que este tipo de análise é controvertida, xa que estamos collendo mostras diferentes e comparándoas (deseño transversal) no lugar de coller unha mostra e ver como evoluciona ao longo do tempo (deseño lonxitudinal).

6.9. Importancia da socialización primaria e secundaria na lingua habitual

Na socialización dos individuos o factor que ten unha maior influencia na lingua habitual dos nenos e nenas é a lingua na que se dirixen os proxenitores cara a eles. O modelo que se mostra a continuación (xa exposto no apartado 4.7. Perfís lingüísticos) amosa como, aínda nos proxenitores, non ten a mesma influencia a lingua na que fala habitualmente o pai que a da nai. Así, a lingua do pai (onde o galego está máis presente) non ten a suficiente entidade como para figurar de forma illada soamente cando se negocia coa parella na lingua para dirixirse aos fillos/as. Pola contra, a lingua da nai é a predominante, a que ten máis presenza e a que determina e en maior medida a lingua habitual dos escolares.

A influencia da socialización primaria e, especialmente, da lingua habitual da nai, pouco a pouco van perdendo presenza a mesmo tempo que vai collendo importancia os contextos denominados de socialización secundaria en detrimento da lingua dos pares.

18 De feito, Durkheim definiu a educación coma “una socialización metódica de la generación joven” (Durkheim 1938: 18, citado por Lahire 2007: 25).

Táboa 11

Modelo	Coefficientes no estandarizados B	Coefficientes estandarizados B	t	Sig.
(Constante)	-.083		-3.686	.000
Lingua nai	.114	.159	2.653	.008
Lingua do contexto próximo (especialmente familia extensa)	.152	.167	3.205	.001
Lingua aos fillos	.249	.341	5.210	.000
Motivación	.263	.317	8.603	.000

F= 124, 56; p<0,001; R²= 0,507 (intervalo: 0-1) .

7. Proposta de liñas de actuación

Tras este estudo propoñemos liñas de actuación orientadas non só ao alumnado, senón tamén ás familias e ao profesorado xa que son contextos de socialización intimamente interrelacionados. Sinalamos que este apartado é unha primeira aproximación e necesitaríamos un certo tempo e un “intercambio” (i.e. entrevista) con membros do equipo directivo e Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.

Para comezar, podemos distinguir varias liñas de actuación que atinxen ao alumnado do CEIP Agro do Muíño:

1. Como se indica no apartado 3.8. Perfís familiares, os nenos e nenas procedentes de familias castelanfalantes adoitan carecer de referentes lingüísticos en galego (próximos). É preciso dotar a este sector do alumnado de referentes en lingua galega, tanto familiares coma iguais. Para o primeiro pode traballarse cos cativos e cativas na historia sociolingüística familiar de cada un/ha, o que lles permitirá atopar referentes familiares en galego nas súas propias familias; para o segundo sería interesante establecer relacións de colaboración, presenciais ou a través de medios tecnolóxicos, con outros centros educativos cun maior índice de galegofalantes. Ademais, para asegurar a adquisición de competencias e un maior uso da lingua propia de Galicia sería de axuda a realización de experiencias que permitan levar a lingua a todos os ámbitos da vida cotiá a través de diferentes actividades e temáticas vinculando o galego a aspectos emocionais e non deixando o idioma a aspectos meramente instrumentais.
2. O apartado 3.6. constata a existencia dunha porcentaxe importante de nenos e nenas inicialmente galegofalantes que, trala entrada no sistema educativo, mudan cara ao castelán, este cambio pode ser contextual ou ir aumentado progresivamente ata rematar nun cambio de lingua. Aínda que esta muda poda ser reversible posteriormente, non cremos que en todos os casos sexa así. Polo tanto é preciso traballar coa conciencia metalingüística e aumentar a resistencia ao cambio deste sector do alumnado. Igual que no caso anterior unha maneira

de intervir é a través do historial lingüístico familiar e con experiencias de inmersión sobre todo cos pares. Mais estas medidas non servirán se antes non se fai reflexionar ao alumnado sobre as razóns do cambio que experimentan, polo que é preciso traballar cos cativos cuestións como cando e onde falan galego, cando e onde falan castelán, se se trata dun cambio voluntario e involuntario e, finalmente, por que realizan eses cambios.

3. Como se vén observando ao longo de todo o apartado 4, o xénero ten unha importancia significativa nos usos lingüísticos do alumnado do CEIP Agro do Muíño, pois o índice de uso do galego é maior nas nenas que nos nenos. É preciso, entón, traballar o modelo lingüístico de xénero e tamén, en concreto, as razóns de por que as rapazas empregan máis o galego que os rapaces cando os datos indican que nas familias a situación é a inversa: os pais empregan máis o galego que as nais.
4. O apartado 4.6. Actitudes lingüísticas amosa que, a pesar da predisposición lingüística actitudinal positiva cara á lingua por parte do alumnado con respecto a ítems xenéricos como a validez do galego, as actitudes positivas cara a ítems concretos relacionados cos medios de comunicación ou áreas de interese dos nenos e nenas como, por exemplo, os videoxogos, as respostas positivas redúcense nun 50%. Pode ser posible mellorar as actitudes lingüísticas cara a este tipo de ítems se se **crea a necesidade**; no caso concreto dos videoxogos é pouco probable que os cativos teñan en conta o idioma, polo que non ven a necesidade de ter videoxogos en galego. Porén, se se lles descubren novos xogos atractivos para eles e elas, en galego, crearemos esa necesidade, co que mellorarán as súas actitudes. Os medios de comunicación tamén poden axudar a mellorar as actitudes e as competencias, polo que sería bo expoñer aos alumnos e alumnas a novos modelos en galego, que sexan non só atraentes senón tamén un reforzo e que teñan en conta as diferentes características fonéticas do galego, para, entre outros, traballar a resistencia ao cambio dos galegofalantes indicada anteriormente.
5. O apartado 3.7. As Actitudes lingüísticas das familias pon de relevo a necesidade de traballar coas propias familias nunha redefinición do concepto de plurilingüismo que permita resituar as linguas (en concreto galego, castelán e inglés) no esquema que parece estar establecido, onde, cando se fala de bilingüismo ou plurilingüismo, se pensa en idiomas como o inglés pero quedan fóra castelán e galego. Nesta órbita cómpre tamén salientar a importancia de coñecer o galego e aprendelo desde pequenos (é dicir, o seu valor instrumental) á hora de adquirir outras linguas ao longo da vida. Cremos que as familias non teñen coñecementos suficientes sobre os procesos de adquisición lingüística en contextos bilingües/plurilingües, de aí que aínda xurdan algunhas dúbida ou crenzas expresadas reiteradamente como: por que hai unha etapa de adquisición lingüística en contextos lingüísticos onde os nenos/as volven a casa mesturando as dúas linguas? É malo aprender varias linguas á vez de pequenos xa que se saturan, excepto que unha delas sexa o inglés etc.
6. A última liña de actuación que se presenta aquí está relacionada co profesorado. No cuestionario do profesorado botamos en falta algunhas preguntas sobre formación específica, non en competencias lingüísticas, senón en: sociolingüística, aprendizaxe de linguas, psicolingüística, multilingüismo etc. Despois de todo a sociedade galega é unha sociedade bilingüe (como

reflicten os resultados demolingüísticos actuais) e a escola é o garante do mantemento dese bilingüismo (en canto ás competencias lingüísticas). Non sabemos o nivel de coñecementos e o nivel de necesidade percibido en relación a estes eidos no contexto do profesorado pero, partindo de que este é un contexto moi cambiante, propoñemos unha actualización neste eido, partindo de que a formación vai na dirección da aplicación. Por exemplo, na aprendizaxe doutras linguas en contornos multilingües está xurdindo unha nova proposta pedagóxica, o *translanguaging*. A través desta ferramenta foméntase na aula un ambiente de aprendizaxe multilingüe, abandonando enfoques monolingües e xerando o recoñecemento da diversidade lingüística que lles axuda aos nenos e nenas a ser máis conscientes das linguas que coexistentes en Galicia e fóra dela, axudando a aumentar a valoración das mesmas e ao mantemento da lingua materna en contextos informais (gran problema detectado no informe). Hai que sinalar que non queremos indicar que esta sexa a estratexia pedagóxica axeitada para aplicar no centro, senón que é unha posibilidade a valorar entre outras, que ten os seus pros e os seus contras.

Bibliografía de apoio

- CEIP Agro do Muíño (2015): *Proxecto Educativo de Centro*. Ortoño (Ames): Xunta de Galicia. Dispoñible en: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomuino/system/files/PROXECTO%20EDUCATIVO%20DE%20CENTRO%202015%20T3.pdf> [Consultado: 13/VII/2018].
- Durkheim, Émile (1938): *The rules of sociological method*. Glencoe, Illinois: Free Press.
- Ferras Sexto, Carlos e Rubén C. Lois González (1993): “Estructura urbana de las áreas metropolitanas gallegas. La estructura urbana de Santiago. ¿Un área metropolitana en proceso de formación?”, *Papeles de Geografía* 19, 115-124. Dispoñible en: <http://revistas.um.es/geografia/article/view/44261/42381> [Consultado: 13/VII/2018].
- Lahire, Bernard (2007): “Infancia y adolescencia: de los tiempos de socialización sometidos a constricciones múltiples”, *Revista de antropología social* 16, 21-38. Dispoñible en: <http://revistas.ucm.es/index.php/RASO/article/view/RASO0707110021A> [Consultado: 21/IX/2018].
- Loredo Gutiérrez, Xaquín (2016): “Estabilidade e cambio da lingua de transmisión familiar nos usos lingüísticos da poboación infantil galega”, *Revista Galega de Educación* 65, 50-59.
- (2017): “O retroceso da transmisión lingüística en Galicia”, *Grial* 216, 30-37.
- Loredo Gutiérrez, Xaquín e Henrique Monteagudo (2017): “La transmisión intergeneracional del gallego. Comparación con el catalán”, *Treballs de Sociolingüística Catalana* 27, 99-116. <http://doi.org/10.2436/20.2504.01.127> [Consultado: 13/VII/2018].
- Mesa = A Mesa pola Normalización Lingüística (2017): *A lingua galega na Educación infantil de 3 a 6 anos. Curso 2016/2017*. Santiago de Compostela: A Mesa. Dispoñible en: <http://www.>

amesa.gal/informes/informe-sobre-lingua-galega-na-educacion-infantil-de-galiza-de-3-6-anos-curso-20162017 [Consultado: 28/IV/2017].

- Monteagudo, Henrique, Xaquín Loredo e Martín Vázquez (2016): *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponível en: <https://academia.gal/publicacions-publicacions-de-lingua> [Consultado: 13/VII/2018].
- (2018): *Lingua e sociedade en Galicia. Resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponível en: <https://academia.gal/documents/10157/704901/Lingua+e+sociedade+1992-2016> [Consultado: 13/VII/2018].
- Nandi, Anik. (2016): “Estratexias familiares para a transmisión interxeracional do galego”, *Grial* 54, 123-131.
- Pujolar, Joan e Isaac González (2013): “Linguistic ‘mudes’ and the de-ethnicization of language choice in Catalonia”, *International Journal of Bilingual Education* 16(2), 138-152. Disponível en: <http://www.npld.eu/uploads/publications/331.pdf>. [Consultado: 21/IX/2018].
- Pujolar, Joan e Maite Puigdevall (2015): “Linguistic mudes: How to become a new speaker in Catalonia”, *International Journal of the Sociology of Language* 231, 167-187. Disponível en: [http://www.degruyter.com/dg/viewarticle.fullcontentlink:pdfeventlink/\\$002fj\\$-002fj\\$sl.2015.2015.issue-231\\$002fj\\$sl-2014-0037\\$002fj\\$sl-2014-0037.pdf?t:ac=j\\$002fj\\$-j\\$sl.2015.2015.issue-231\\$002fj\\$sl-2014-0037\\$002fj\\$sl-2014-0037.xml](http://www.degruyter.com/dg/viewarticle.fullcontentlink:pdfeventlink/$002fj$-002fj$sl.2015.2015.issue-231$002fj$sl-2014-0037$002fj$sl-2014-0037.pdf?t:ac=j$002fj$-j$sl.2015.2015.issue-231$002fj$sl-2014-0037$002fj$sl-2014-0037.xml) [Consultado: 21/IX/2018].

ANEXOS



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C. E. I. P. AGRO DO MUÍÑO

As Cortes - Ortallo: 15220 Ames (A Coruña) Tel: 891966010; Móbil: 699307338; Fax: 891866016

<http://ceipm.eda.xunta.es/ceipagrodomuino/> E-mail: ceip.agromuino@edu.xunta.es

ENQUISTA PARA OS PAIS E NAIS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Idade do/a neno/a _____

Etapa educativa:

Educación Infantil

Educación Primaria

Lugar de residencia _____

Profesión do pai _____

Profesión da nai _____

- 1) Que lingua usa o/a seu/súa fillo/a?
 1. Só galego
 2. Predomina o galego
 3. Galego e castelán por igual
 4. Predomina o castelán
 5. Só castelán
 6. Outra(s). Indíquese: _____

- 2) En que lingua aprendeu a falar o/a seu/súa fillo/a?
 1. Só galego
 2. Predomina o galego
 3. Galego e castelán por igual
 4. Predomina o castelán
 5. Só castelán
 6. Outra(s). Indíquese: _____

- 3) O seu fillo/a mostra boa disposición á hora de empregar o galego?
 1. Sempre
 2. Habitualmente
 3. Poucas veces
 4. Nunca



- 4) Valore os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:

1. Completamente de acordo
2. Bastante de acordo
3. Indiferente
4. Bastante en desacordo
5. Completamente en desacordo

Nº	Enunciado	Valoración
1	O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos	1 2 3 4 5
2	As matemáticas pódense aprender en galego	1 2 3 4 5
3	A adquisición de dúas (ou máis) linguas, enriquece	1 2 3 4 5
4	Gustaríanos que o/a noso/a fillo/a recibise máis clases en galego	1 2 3 4 5
5	En Galicia, o galego é útil	1 2 3 4 5
6	En Galicia, debería usarse máis o galego	1 2 3 4 5
7	Para nós é importante a lectura en galego	1 2 3 4 5

LINGUA DO CONTORNO FAMILIAR

- 1) Cal é a lingua habitual dos avós maternos?

1. Só galego
2. Predomina o galego
3. Galego e castelán por igual
4. Predomina o castelán
5. Só castelán
6. Outra(s).

- 2) Cal é a lingua habitual dos avós paternos?

1. Só galego
2. Predomina o galego
3. Galego e castelán por igual
4. Predomina o castelán
5. Só castelán
6. Outra(s).

- 3) Cal é a lingua habitual da nai?

1. Só galego
2. Predomina o galego
3. Galego e castelán por igual
4. Predomina o castelán
5. Só castelán
6. Outra(s).

- 4) Cal é a lingua habitual do pai?

1. Só galego
2. Predomina o galego
3. Galego e castelán por igual
4. Predomina o castelán
5. Só castelán
6. Outra(s).



- 5) En que lingua lle falades aos vosos/as fillos/as?
1. Só galego
 2. Predomina o galego
 3. Galego e castelán por igual
 4. Predomina o castelán
 5. Só castelán
 6. Outra(s).
- 6) En que lingua falades entre vós?
1. Só galego
 2. Predomina o galego
 3. Galego e castelán por igual
 4. Predomina o castelán
 5. Só castelán
 6. Outra(s).
- 7) En que lingua lle falan maioritariamente ao seu fillo/a outras persoas próximas (tíos/as, veciños/as, curmáns/ás ...)?
1. Só galego
 2. Predomina o galego
 3. Galego e castelán por igual
 4. Predomina o castelán
 5. Só castelán
 6. Outra(s).
- 8) No caso de que o seu fillo fora galegofalante ou empregara maioritariamente esta lingua ao comezar a escolarización, pasou de falar galego a usar agora máis o castelán?
1. Si
 2. Non
- En caso afirmativo, cando ocorreu?
1. Na gardería
 2. Ao comezar a educación infantil
 3. Ao comezar en primaria
 4. Despois dalgúns anos de escolaridade
- 9) Engada calquera observación que considere pertinente:



ENQUISA PARA O ALUMNADO

É TOTALMENTE ANÓNIMA

Os datos desta enquisa servirán para coñecer a situación Sociolingüística do Centro.

1) Sexo: Home Muller Idade: _____

2) Lugar de residencia: _____

3) Profesión do pai/titor:

4) Idade do pai/titor:

25-40 41-55 56-70 +70

5) Profesión do nai/titora:

6) Idade do nai/titora:

25-40 41-55 56-70 +70

7) Que estudos estás a cursar?

1º PRIMARIA 3º PRIMARIA 5º PRIMARIA
 2º PRIMARIA 4º PRIMARIA 6º PRIMARIA

8) En que lingua aprendiches a falar?

1. En castelán 2. En galego 3. Nas dúas 4. Noutra(s)

9) Que lingua falas habitualmente na túa casa?

		Castelán	Máis castelán	Castelán e galego por igual	Máis galego	Galego
ÁMBITO FAMILIAR	Co teu pai/titor					
	Coa túa nai/titora					
	Cos teus irmáns/dás					
	Cos avós maternos					
	Cos avós paternos					



10) Que lingua usas habitualmente na colexio?

		Castelán	Máis castelán	Castelán e galego por igual	Máis galego	Galego
ÁMBITO ESCOLAR	Cos compañeiros/as amigos/as					
	Cos profesores/as					
	Co persoal non docente (monitores/as, conserxe, limpeza, administrativa)					

11) Que lingua usas habitualmente noutros ámbitos?

		Castelán	Máis castelán	Castelán e galego por igual	Máis galego	Galego
NOUTROS ÁMBITOS	No parque					
	Nos establecementos da vila/cidade					
	Con persoas descoñecidas (cando falas ti primeiro)					
	Nas actividades extraescolares					

12) Valora do 1 ao 5 a túa competencia en galego, tendo en conta que 1 é pouco e 5 é moito:

Cando me falan, entendo ben o galego	1	2	3	4	5
Cando leo en galego enténdoo ben	1	2	3	4	5
Cando falo en galego, exprésome ben	1	2	3	4	5
Cando escribo en galego, redacto ben	1	2	3	4	5

13) Valora os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elexida, tendo en conta a seguinte escala::

1= Completamente en desacordo 2= Bastante en desacordo 3= Indiferente
 4= Bastante de acordo 5= Completamente de acordo

O galego é unha lingua tan válida coma calquera outra	1	2	3	4	5
Gustárame ter videoxogos en galego	1	2	3	4	5
O galego é unha lingua axeitada para falar na cidade	1	2	3	4	5
O galego é un idioma que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras	1	2	3	4	5



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C. E. I. P. AGRO DO MUÍÑO

As Cortes – Ortoña, 15220 Ames (A Coruña) Tel.: 981966010. Móbil: 609367359
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomino/> E-mail: ceip.agromuino@edu.xunta.es

ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA PARA O PROFESORADO **É TOTALMENTE ANÓNIMA**

Os datos requiridos nesta enquisa son os mínimos esixidos pola Consellería para poder levar a cabo unha axeitada Planificación Sociolingüística do Centro. Agradecemos de antemán a túa colaboración.

1. Que lingua empregas habitualmente fóra do contorno educativo?

- a. Só castelán
- b. Predomina o castelán
- c. Castelán e galego por igual
- d. Predomina o galego
- e. Só galego
- f. Outra (S)

2. Que lingua empregas habitualmente no centro educativo?

- a. Só castelán
- b. Predomina o castelán
- c. Castelán e galego por igual
- d. Predomina o galego
- e. Só galego

3. Como consideras a túa capacitación para empregar o galego na actividade docente?

- a. Moi baixa
- b. Baixa
- c. Media
- d. Alta
- e. Moi alta

(se marcaches a resposta "d" ou "e" podes pasar á pregunta 5)

4. Cal é a túa disposición a facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxectivo de acadar unha capacitación axeitada?

- a. Ningunha
- b. Pouca
- c. Moderada
- d. Boa
- e. Plena

5. Valora os seguintes enunciados xenéricos rodeando cun círculo a opción elixida, tendo en conta a seguinte escala:

- 1. Completamente en desacordo
- 2. Bastante en desacordo
- 3. Indiferente
- 4. Bastante de acordo
- 5. Completamente de acordo

Nº	Enunciado	Valoración
a.	O uso do galego establecido na lexislación educativa é excesivo	1 2 3 4 5
b.	Cadaquén debería poder impartir as clases na lingua que quixese	1 2 3 4 5
c.	O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua	1 2 3 4 5
d.	A lingua galega debe ser fomentada socialmente	1 2 3 4 5
e.	É necesario destinar recursos á normalización e dinamización lgta	1 2 3 4 5



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C. E. I. P. AGRO DO MUÍÑO

As Cortes – Ortoño, 15220 Ames (A Coruña) Tel.: 981966010; Móbil: 609367359
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomino/> E-mail: ceip.agromiño@edu.xunta.es

Por favor, detalla neste cadro os usos lingüísticos que se piden:

		Castelán	Máis castelán	Galego e castelán por igual	Máis galego	Só galego
No ámbito familiar	Co teu pai					
	Coa túa nai					
	Cos teus irmáns					
	Coa túa parella					
No ámbito escolar	Cos teus fillos					
	Co alumnado (fóra da aula)					
	Co alumnado na aula					
	Cos compañeiros/as					
Noutros ámbitos	Co persoal non docente					
	Con representantes das editoriais					
	Coas persoas que che falan castelán					
	Coas persoas que che falan galego					
	Coas amizades					
	Con persoas descoñecidas					

Índice

1. Introducción	3
1.1. Os datos sociodemográficos	3
1.2. A lingua da infancia	4
1.3. A lingua nos centros de educación infantil	9
1.4. O CEIP Agro do Muíño	10
1.5. Finalidade do traballo	11
2. Método	12
2.1. Poboación e taxa de resposta	12
2.2. Instrumentos	13
2.3. Procedemento	14
3. As familias	15
3.1. Lingua inicial e habitual	15
3.1.1. A importancia da etapa educativa	16
3.2. Lingua familiar	17
3.2.1. A importancia do xénero	18
3.3. Transmisión lingüística interxeracional	18
3.4. Lingua e proximidade	19
3.5. Predisposición motivacional	20
3.5.1. A importancia da etapa educativa	21
3.6. Muda lingüística	22
3.7. Actitudes lingüísticas das familias	24
3.7.1. Actitude lingüística xeral	24
3.8. Perfis familiares	25
4. O alumnado	29
4.1. Lingua inicial	29
4.1.1. A importancia da idade	30
4.2. Lingua coa familia	31
4.2.1. A importancia do xénero	32
4.3. Lingua na escola	33
4.3.1. A importancia do ciclo educativo	35

4.3.2. A importancia do xénero	36
4.4. Lingua no contexto próximo	37
4.4.1. A importancia do xénero	39
4.5. Competencias lingüísticas	40
4.5.1. A importancia da lingua inicial	42
4.5.2. A importancia do ciclo educativo	43
4.5.3. A importancia do xénero	45
4.6. Actitudes lingüísticas	46
4.7. Perfis lingüísticos	47
5 O profesorado	50
5.1. Prácticas lingüísticas habituais	50
5.2. Lingua e familia	51
5.3. Competencias e motivacións lingüísticas	53
5.4. Lingua e escola	53
5.5. Lingua e proximidade	55
5.6. Normas de uso nas conversas bilingües	55
5.7. Actitudes lingüísticas	56
6. Conclusións	57
6.1. Lingua inicial e habitual	57
6.2. Lingua e familia	59
6.3. Lingua e escola	60
6.4. Lingua e proximidade	61
6.5. Perfis familiares	62
6.5.1. Perfis do alumnado –primaria	63
6.6. Muda lingüística	65
6.7. O xénero	66
6.8. A escola	67
6.9. Importancia da socialización primaria e secundaria na lingua habitual	67
7. Propostas de liñas de actuación	68
8. Bibliografía de apoio	70
Anexos	73



REAL ACADEMIA GALEGA



**Concello
de AMES**